

Plinio, o Parroquial Suevo, e a evolución estrutural do poder local galaico na Antigüidade

*Pliny, the Suevic Parochiale, and the Structural Evolution
of Gallaecian Local Power in Antiquity*

Martín Fernández Calo

Licenciado e doutorando en Historia

Universidade de Santiago de Compostela

martin.fernandez.calo@rai.usc.es

Resumo

O artellamento do poder local galaico e a súa evolución estrutural na Antigüidade conforman, pola súa aparente carencia de datos positivos, unha cuestión amplamente eludida, e consecuentemente irresolta, na historiografía actual. O presente artigo valora as fontes históricas potenciais que permitan superar este atranco, sendo escolleitas para tal fin a descrición xeográfica de Plinio e máis o *Parochiale Suevum*, cuxas implicacións políticas serán analizadas exhaustivamente. A interrelación entrambas as fontes pretende determinar as liñas evolutivas xerais do poder local galaico na Antigüidade, un primeiro paso para encher así o antedito baleiro historiográfico.

Palabras chave

Gallaecia romana e tardo-antiga, Plinio o Vello, *Parochiale Suevum*, poder local, historia institucional, fragmentación xurisdiccional.

Abstract

As a result of their apparent lack of positive data, the articulation and structural evolution of Gallaecian local power in Antiquity have become an extensively avoided and consequently unresolved issue in present-day historiography. This paper evaluates the potential historical sources to overcome this obstacle, by selecting Pliny's geographical description and the *Parochiale Suevum*, whose political implications will be comprehensively examined. The interrelationship between both sources aims to determine the evolutive outline of Gallaecian local power in Antiquity, one first step to fill the aforesaid historiographic void.

Keywords

Roman and late antique *Gallaecia*, Pliny the Elder, *Parochiale Suevum*, local power, institutional history, jurisdictional fragmentation.

■ Data de envío: 25-09-2015

■ Data de aceptación: 23-05-2016

INTRODUCCIÓN

O poder local, ou nivel local do artellamento político-administrativo, pode ser definido como “a comunidade xurídico-política que, alén das relacións socio-económicas da veciñanza inmediata, marca a referencia primeira e excluínte da xerarquización do espazo político e da *origo* dos individuos” (FERNÁNDEZ CALO 2015: 15). Coma noutras épocas históricas e ámbitos xeográficos, o poder local galaico constituíu na Antigüidade múltiples células ou entidades políticas locais distribuídas por todo o territorio, demarcándoo na súa totalidade ou canda menos na súa meirande parte, excluíntemente verbo a outras entidades análogas e en permanente interacción entre elas e co Estado supra-local, de existir este.

Unha ampla evidencia positiva permite enxergar, canda menos nas súas liñas xerais, a evolución institucional e social do poder local galaico na Antigüidade, o que xa ten subscitado múltiples traballos historiográficos específicos centrados en determinadas institucións ou etapas; amais da miña propia tese de licenciatura (FERNÁNDEZ CALO 2015: 177-178; 219), onde estudei e sinteticei globalmente este proceso. *Grosso modo*, a partires das comunidades étnicas orixinarias, testemuñadas xenericamente por dúas noticias literarias como *éthnē* (Str., *Geog.*, III, 3, 5) e *populi* (Flor., *Ep.*, I, 33, 12), desenvolvéronse as *ciuitates* alto-romanas (Plin., *Nat.*, III, 28); e destas, presumiblemente, os *municipia* baixo-romanos (*Conc. Tol.* I; Hyd., *Chron.*, 253 [247]). Durante as migracións bárbaras, as entidades políticas locais diversificáronse amplamente, condicionadas polas circunstancias conxunturais: *castella*, *ciuitates*, *municipia* e *plebes* son algunhas das súas denominacións (Hyd., *Chron.*, *passim*). Finalmente, coa consolidación dos reinos suevo e visigodo, estas formas homologáronse na dicotomía entre as entidades rurais, denominadas *pagi* ou *territoria*; e as urbanas, as *ciuitates* episcopais.

Detrás de tan acentuada transformación histórica das entidades políticas locais — incidente nas súas institucións, organización administrativa, orde social, e relacións políticas co exterior— subxace a propia sucesión estrutural das mesmas: un *éthnos* ou pobo galaico-catrexo do século II a.C. derivaría no VIII d.C. nun *territorium* galaico-visigodo: a *mesma* estrutura, a *mesma* entidade política herdeira da primeira con outra forma constitucional. Como xa puxeron de manifesto os pioneiros LÓPEZ CUEVILLAS e SERPA PINTO (1933-1934: 293), a diplomática medieval permite enxergar a longa pervivencia dalgunhas das entidades políticas proto-históricas da *Gallaecia*. Por exemplo, os pobos dos *Celtici*, *Copori* ou *Arroni* (Mela, *Chor.*, III, 7-9; Plin., *Nat.*, III, 28; IV, 111; Ptol., *Geog.*, II, 6, 23) correspóndense ás *ecclesiae* tardo-antigas de *Celticos*, *Coporos* e *Arros* (*Par. Suev.*, XI, 8), abranguindo os tres, pois, todo o lapso histórico da Antigüidade, e mesmo idades máis recentes. No caso específico dos *Coporos*, GARCÍA MARTÍNEZ (1972) foi quen de determinar o seu intervalo de disolución e a súa pegada na xeografía eclesiástica medieval compostelá. Os outros dous, pola contra, derivaron nuns arcipresbiterados de moito máis recente percorrido: Céltigos e Arrós (figura 1).




Figura 1. Mapa de referencia.

Con todo, estes exemplos de longa pervivencia distan de reflectiren a invariabilidade secular do poder local galaico, como de feito xustifican en termos absolutos algunhas achegas illadas (PENA GRAÑA 2006). A continuidade absoluta é, dende logo, un exceso categorico tan desatinado coma as cesuras absolutas, canda menos no referente á evolución estrutural a longo prazo dun suxeito histórico complexo coma a *Gallaecia* (LÓPEZ QUIROGA 2004: 297; RODRÍGUEZ SÁNCHEZ 2012; FERNÁNDEZ CALO 2015: 14).

En efecto, o poder local galaico variou indefectiblemente ao longo da Antigüidade: alén das súas institucións, as entidades políticas redefiniron de continuo as súas relacións e os seus lindeiros coas súas homólogas, e fragmentáronse ou cohesionáronse conforme a diferentes condicionamentos históricos. Nalgúns casos excepcionais, novas entidades foron fundadas da nada; noutros, entidades seculares desapareceron para sempre. Pero en suma, enxérgase que detrás da devandita variación continua e incerta nos seus pormenores subxace a transformación gradual e relativa, nunca repentina e absoluta, do artellamento político local: a sucesión estrutural das entidades políticas locais entre unha época e outra.

Este proceso histórico, tan obvio na súa xeneralidade, nunca foi concretado pola historiografía moderna: a evolución *estrutural* do poder local galaico na Antigüidade é unha cuestión tan descoñecida como eludida na investigación histórica. Dúas razóns contraditorias explican semellante circunstancia: ou ben non existen as fontes históricas axeitadas, ou ben aínda non se motivou o uso historiográfico axeitado das mesmas.

O presente estudo parte desta segunda posibilidade. Asumindo a lóxica relación do artellamento local dun mesmo espazo entre épocas sucesivas, dedúcese que identificalo a través de varias fontes diacrónicas permitirá determinar as liñas xerais da súa evolución estrutural. A partires desta idea, xa abordada na miña tese de licenciatura (FERNÁNDEZ CALO 2015: 155-175) e que propoño afondar e perfeccionar no presente artigo, débúxase o seguinte esquema metodolóxico:

- 1º. identificar cáles son as fontes históricas que poidan constituír de seu descrições estáticas globais do artellamento político local da *Gallaecia*;
- 2º. computar con exactitude, examinando as súas implicacións político-administrativas, o número de entidades políticas locais reportadas globalmente por cada unha das fontes escolleitas para tal fin;
- 3º. interrelacionar cada un dos cómputos obtidos, determinando unha dinámica histórica a partires dos mesmos;
- 4º. valorar e contextualizar historicamente os resultados.

AS FONTES

Só tres documentos históricos datados dentro do intervalo cronolóxico considerado superan o requisito de *globalidade descriptiva* arriba enunciado, ao se ocuparen da totalidade da *Gallaecia*:

- 1º. a descrição pliniana da administración romana no noroeste da provincia *Hispania Citerior*, correspondente ao século I, que proporciona cifras exactas das «*ciuitates*» ou «*populi*» galaico-asturicenses;
- 2º. o tratamento ptolemaico do mesmo espazo, correspondente ao século seguinte, que concreta as coordenadas para a ubicación xeográfica de múltiples «*póleis*»;

3º. a listaxe eclesiástica contida no *Parochiale Suevum*, correspondente ao século VI, que nomea as igrexas locais dependentes de cada bispado do Reino Galaico-Suevo.

A dimensión político-administrativa destas fontes e as súas implicacións verbo ao poder local galaico requiren, en troques, analizarmos individualizadamente cada unha delas. De seguido discútense o valor de cada un dos citados documentos para o presente estudo; e, de se confirmar este positivo, extráese o seu cómputo específico, conforme ao segundo enunciado da proposta metodolóxica.

A DESCRICIÓN PLINIANA

En consonancia co propósito do presente estudo, o polímata romano Plinio o Vello (*Nat.*, III, 28) cifrou explicitamente o número de entidades políticas locais galaico-asturicenses, desglosadas por *conuentus* (figura 1), ao describir o artellamento político-administrativo da provincia *Hispania Citerior* (SCHULTEN & MALUQUER DE MOTES 1987):

Iunguntur iis [Cantabris], Asturum xxii populi diuisi in Augustanos et Trasmontanos, Asturica urbe magnifica. In iis sunt Gigurri, Pæsici, Lancienses, Zoelæ. Numerus omnis multitudinis ad cccxl liberorum capitum. Lucensis conuentus populorum est sedecim, præter Celticos et Lemauos ignobilium ac barbaræ appellationis, sed liberorum capitum ferme clxvi. Simili modo, Bracarum xxiiii ciuitates [...].

No presente estudo importan simplemente as cifras de entidades políticas incluídas no texto. Cómpre, pois, ocupármonos tanto da terminoloxía baixo a que se refiren, coma das razóns da súa fiabilidade.

Populi, ciuitates

No texto alternanse os termos «*populus*» e «*ciuitas*». Na terminoloxía política romana, loxicamente empregada por Plinio, a *ciuitas* correspóndese á cidade-estado, ou o conxunto de institucións públicas das que se dota unha comunidade local; asemade o *populus*, ao conxunto da súa cidadanía (Cic., *Rep.*, I, 25). Estes termos, son, xa que logo, complementarios, e cada un deles implícita o oposto.

Existe unha evidencia efectiva desta exacta correspondencia teórica: ao comezo da súa exposición, Plinio (*Nat.*, III, 18) cifra en 293 *ciuitates* o número total de entidades políticas locais da provincia. Esta cifra coincide exactamente coa suma de *ciuitates*, *populi* e *oppida* que inmediatamente desglosa por circunscrición e nacionalidade (III, 23-28). Isto evidencia que todos estes termos, incluídos xenericamente no cómputo provincial introdutorio na categoría «*ciuitas*», describen unha mesma realidade político-administrativa (figura 2).

PASAXE (Plin., <i>Nat.</i> , III)		CIRCUNSCRICIÓN	CÓMPUTO
primeiro cómputo	18	provincia <i>Hispania Citerior</i>	293 <i>ciuitates</i>
segundo cómputo	23	<i>conuentus Tarraconensis</i>	42 <i>populi</i>
	24	<i>id.</i> , <i>Caesaraugustanus</i>	55 <i>populi</i>
	25	<i>id.</i> , <i>Carthaginensis</i>	65 <i>populi</i>
	26	comunidade étnica dos <i>Uarduli</i>	14 <i>populi</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , dos <i>Turmogidi</i>	4 <i>populi</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , dos <i>Carietes</i> e <i>Uennenses</i>	5 <i>ciuitates</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , dos <i>Pelendones</i>	4 <i>ciuitates</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , dos <i>Uaccaei</i>	17 <i>ciuitates</i>
	27	<i>id.</i> , dos <i>Cantabrigi</i>	9 <i>populi</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , dos <i>Autrigones</i>	10 <i>ciuitates</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , dos <i>Areuaci</i>	6 <i>oppida</i>
	26-27	total do <i>conuentus Cluniensis</i>	[69 entidades locais]
	28	<i>conuentus Asturum</i>	22 <i>populi</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , <i>Lucensis</i>	16 <i>populi</i>
	<i>id.</i>	<i>id.</i> , <i>Bracarum</i>	24 <i>ciuitates</i>
23-28	total do desglose sub-provincial	[293 entidades locais]	

Figura 2. Coincidencia dos cómputos plinianos para a Hispania Citerior.

Deste xeito, a alternancia léxica dos termos «*ciuitas*» e «*populus*» na *Gallaecia* non carrega en Plinio unha senlla alternancia semántica (CAPALVO LIESA 1986; RODRÍGUEZ COLMENERO 1996: 132; LÓPEZ QUIROGA 2004: 28-29). O motivo da variación terminolóxica pódese atopar na disparidade de fontes xeográficas e *formulae* administrativas coas que Plinio tería elaborado a súa magna obra (CAPALVO LIESA 1986: 49-50; RODRÍGUEZ COLMENERO 1996: 131, n6); ou máis simplemente, se cadra, no carácter literario da mesma, variándose os termos empregados como recurso narrativo (FERNÁNDEZ CALO 2015: 159, n6). De calquera xeito, a razón da alternancia é unha cuestión secundaria para o presente estudo. Só importa, abofé, a conclusión implícita de todo exposto: que «*ciuitas*» e «*populus*» se refiren indistintamente a unha mesma realidade político-administrativa, as entidades políticas locais.

Cómputos conventuais

Por Plinio recoñécese, xa que logo, o artellamento político-administrativo local vixente na *Gallaecia* alto-romana: 24 (*XXIII*) *ciuitates* bracarense e 16 (*sedecim*) *populi*

lucenses. En total, 40 entidades locais galaico-romanas. A isto deben de se engadiren os 22 (*XXII*) *populi* asturicenses, espazo indisociábel administrativamente do galaico na Alta Romanidade (FERNÁNDEZ CALO 2015: 45-49, 70-71), co que resultaría un total de 62 entidades locais (figura 3).

DEMARCACIÓN		Astorga	Braga	Lugo	Callaecia	Asturia et Callaecia
CÓMPUTO		22	24	16	40	62
IDENTIFICACIÓN	Tranoy (1981)	12	21	15	36	48
	Alarcão (1995-1996)	-	21	-	-	-
	Rodríguez Colmenero (1996)	-	24	15	39	-

Figura 3. Cómputos plinianos e propostas de identificación segundo Tranoy (1981), Alarcão (1995-1996) e Rodríguez Colmenero (1996).

A exactitude da información administrativa reportada por Plinio, e concretamente a súa notábel precisión numérica, ten sido salientada recentemente por varios historiadores (BELTRÁN LLORIS 2007; ESPINOSA ESPINOSA 2013: 31). A administración constitúe un tema meramente descritivo e neste senso a exhaustividade das descrições plinianas semella excluír a posibilidade dunha documentación deficiente por parte do autor na súa elaboración. De feito, polo seu sobriño Plinio o Novo (*Epist.* III, 5, 17) sabemos que fora *procurator* en *Hispania*, de xeito que se debuxa mesmo a posibilidade dunha documentación *in situ* nas propias instancias administrativas descritas. Finalmente, a exactitude aritmética dos xa referidos cómputos independentes que subministra para a *Hispania Citerior* (figura 2), anula mesmo a posibilidade dunha corrupción destas cifras no proceso de transmisión textual da obra.

Coa mesma base dos cómputos plinianos, e confrontándoos con múltiples denominacións etnonímicas e toponímicas testemuñadas en época romana, desenvolvéronse varias identificacións globais de entidades galaico-romanas (TRANOY 1981: 74; ALARCÃO 1995-1996: 26; RODRÍGUEZ COLMENERO 1996: 242; figura 3). Malia a diverxencia da súa concreción puntual, as devanditas identificacións comparten un mesmo principio metodolóxico: partir dos cómputos plinianos. O propósito do presente estudo, con todo, non é avanzarmos verbo a estas identificacións, senón confrontarmos o indefectibelmente preciso cómputo pliniano cos que se poidan substraer doutros documentos.

PTOLOMEO: INAPROVEITÁBEL REPORTE POLÍTICO-ADMINISTRATIVO

Claudio Ptolomeo, xeógrafo, astrónomo, matemático e, en fin, polímata alexandrino do século II, é o autor da *Geōgraphikē Hyphēgēsis*, unha universal “guía de xeografía” do seu tempo. Constitúe esta obra un compendio de localizacións xeográficas con cadansúas coordenadas, arrombadas por rexións; correspondéndose varias epígrafes ao ámbito galaico-asturicense: a descrición marítima (Ptol., *Geog.*, II, 6, 1-6) e a interior (21-48), que se poden sintetizar en senllos cadros (figuras 3-4) seguindo a edición de SCHULTEN e MALUQUER DE MOTES (1987).

Na descrición marítima (figura 4), que recolle localizacións fundamentalmente orográficas, só se citan dous topónimos inequivocamente asociábeis a núcleos habitacionais: o lucense *Phlaoúion Brigántion* e a asturicense *Phlaoúionaouía*. A isto poderíanse engadir o lucense *Artábrōn Limēn*, dentro da incerta posibilidade de que referencie unha verdadeira entidade de poboación; e *Noiga Oukesía*, adscrita por Ptolomeo aos cántabros (*Kantabrōn*), mais potencialmente correspondente ao asturicense *oppidum Noega* (Plin., *Nat.*, IV, 111).

ADSCRICIÓN	TOPÓNIMO	CARÁCTER
Καλλαικων Βρακαριων	Αυου ποταμου εκβολαι	orográfico
	Αυαρον ακρον	<i>id.</i>
	Νηβιος ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	Λιμιου ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	Μινιου ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	αι πηγαι του ποταμου	<i>id.</i>
Καλλαικων Λουκησιων	Ορουιον ακρον	<i>id.</i>
	Ουια ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	Ταμαρα ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	Αρταβρων λιμην	incerto
	Νεριον ακρωτηριον	orográfico
μετα το Νεριον ακρωτηριον	Σηστιου Βωμοι ακρον	<i>id.</i>
	Ουιρου ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	το εφεξης ακρον	<i>id.</i>
Καλλαικων των Λουκησιων εν τω Μεγαλο λιμενι	Φλαουιον Βριγαντιον	habitacional
	Λαπατια Κωρου ακρον, το και Τριλευκον	orográfico
	Μεαρου ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	Ναβιου ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
	Νασυλλοουιωνος ποταμου εκβολαι	<i>id.</i>
Παισικων	Φλαουιον Αουια	habitacional
	Ναιλου ποταμου εκβολαι	orográfico
Κανταβρων	Νοιγα Ουκεσια	habitacional

Figura 4. Descrición marítima de Ptolomeo (*Geog.*, II, 6, 1-6).

A descrición interior (figura 5), pola súa banda, constitúe o grande filón de topónimos ptolemaicos, citados agora explicitamente coa denominación «*póleis*», pero baixo

múltiples adscricións etno-xeográficas. En total, cítanse 19 destas *póleis* para o *conuentus* lucense; 18 ou 19 para o asturicense, se é que a aparente repetición de *Interámnon* (Ptol., *Geog.*, II, 6, 28) discirne de feito dúas localidades homónimas diferentes; e 16 para o bracarense.

LUGO		ASTORGA		BRAGA	
adscrición	«ΠΟΛΕΙΣ»	adscrición	«ΠΟΛΕΙΣ»	adscrición	«ΠΟΛΕΙΣ»
Αρταβρων	Κλαυδιονεριον	η Αστούρια	Λουκος Αστουρων	Βρακαριων	Βρακαρουγουστα
	Νοουσιον		Λαβερνις		Καλαδουνον
Βουρον	Ιντεραμνιον		Πινητος		
Ολινα	Αργεντεολα		Κομπλουτικα		
Ουικα	Λαγκιατοι		Τουντοβριγα		
Λιβουγκα	Μαλιακα		Αραδουκκα		
Λουκησιων	Πιντια		Γιγια	Τουροδων	Υδατα Λαια
	Καρνιον		Βεργιδον Φλασιον	Νεμετατων	Οουλοβριγα
	Τουρουπτιανα		Ιντεραμνιον Φλασιον	Κοιλερινων	Κοιλιobριγα
	Γλανδομιρον		Λεγιων ζ Γερμανικη	Βιβαλων	Φορος Βιβαλων
	Οκελον	Λιμικων		Φορος Λιμικων	
Τουρριγα	Βριγαικινων	Βριγαικιον	Γρουιων	Τουδαι	
Καπορων	Ιρια Φλαουια	Βαιδουνησιων	Βαιδουνια	Λουαγκων	Μερουα
	Λουκος Αυγουστου	Ορνιακων	Ιντερκατια		
Κιλιων	Υδατα Θερμα	Λουγγωνων	Παιλοντιον	Κουακερων	Υδατα Κουακερων
Λεμαυων	Δακτιονιον	Σαλιων	Ναρδινιον		
Βαιδων	Φλαουια Λαμβρις	Σουπερατιων	Πεταυσιονιον	Λουβαινων	Καμβαιτον
	Ταλαμινη	Αμακων	Αστουρικα Αυγουστα		
Σεουρρων	Υδατα Κουιντινα	Τειβουρων	Νεμετοβριγα	Ναρβασων	Φορος Ναρβασων
		Γιγουρρων	Φορος Γιγουρρων		

Figura 5. Descrición interior de Ptolomeo, por conuentus (*Geog.* II, 6, 21-48).

Sumando os topónimos marítimos, o cómputo do *conuentus* lucense incrementaríase a 20-21 e o do asturicense a 19-21. En síntese, Ptolomeo enumera 35 *póleis* galaicas, ou 36-37 se se engaden os topónimos marítimos; e 53-54 galaico-asturicenses ou 55-58 cos topónimos marítimos (figura 6).

DEMARCACIÓN	«ΠÓΛΕΙΣ»	LOCALIZACIÓNS LITORIAIS	TOTAIS MÁXIMOS
ámbito asturicense	18-19	1-2	19-21
<i>id.</i> , bracarense	16	-	16
<i>id.</i> , lucense	19	1-2	20-21
<i>id.</i> , galaico	35	1-2	36-37
<i>id.</i> , galaico-asturicense	53-54	2-4	55-58

Figura 6. Cómputos ptolomaicos.

Con todo, malia o sistemático da descrición ptolemaica, cómpre matizarmos a súa correspondencia co artellamento político-administrativo. Abofé que a voz «*pólis*» baixo a que se citan case todos os topónimos ten unha fonda connotación política en grego helenístico mesmo á altura do dominio romano (SARTRE 1994); pero tal caracterización non semella convincente para a meirande parte dos mesmos. Así, se as entidades políticas locais galaicas coetáneas eran *ciuitates* en esencia herdeiras dos pobos orixinarios, Ptolomeo cita como *póleis* ata 4 topónimos adscritos aos *Ártabroi* (Ptol., *Geog.*, II, 6, 4; 21), 10 aos *Loukénsioi* (22), 2 aos *Káporoi* (23), outros tantos aos *Seoúrroi* (27), e 6 aos *Brakáριοi* (38). Isto significa que a voz «*pólis*» ten aquí un senso meramente habitacional, denotando localidades adscritas politicamente a certas *ciuitates*, de orixe étnica, máis amplas.

Por outra banda, a inclusión de «*hē Astouría*» (Ptol., II, 6, 28), a denominación dun dos *conuentus*, amais de «*Loukénsioi*» (lucenses) e «*Brakáριοi*» (brácaros), *a priori* denominativos administrativos conventuais, na mesma categoría cós restantes etnónimos locais, demostra que Ptolomeo non agrupou os topónimos conforme a unha xerarquía unívoca, que permita discernir a territorialidade local da supra-local. Do mesmo xeito, numerosas *póleis* ptolemaicas, coma *Glandómiron* (Ptol., *Geog.*, II, 6, 22), *Talamínē* (27), *Argentéola* (28), *Kaládounon*, *Pínētos* ou *Komplóútika* (38), correspóndense ás *mansiones* viarias de *Glandimiro* (*It. Ant.*, 424, 3), *Timalino* (430, 9), *Argentiolum* (423, 4), *Caladuno*, *Pineto* (422, 5-7) e *Complutica* (423, 1). Embora as *mansiones* viarias se puidesen situar en núcleos habitacionais pre-existentes e de importancia político-administrativa, isto non era necesariamente a regra xeral, como se desprendería de asumirmos, pola denominación ptolemaica «*pólis*», unha dimensión político-administrativa para todas as citadas.

Cómpre, en suma, desconfiarmos do contido político-administrativo das *póleis* ptolemaicas. As listaxes xeográficas de Ptolomeo constitúen de feito caixóns de xastre, para cuxa confección a documentación intrinsecamente administrativa só foi unha das múltiples fontes, e presumibelmente menor, en comparación por exemplo dos itinerarios, de nulo contido político-administrativo (URBINA MARTÍNEZ 1998: 198ss.). Alén da súa diversidade, o potencial diacronismo destas fontes matiza mesmo o carácter «estático» da descrición ptolemaica (GÓMEZ FRAILE 1997; CANTO 1999). Pero, sobre todo, a súa utilidade para o presente estudo esvaece pola imposibilidade de establecermos unha interpretación unívoca da súa información político-administrativa. Óbstase, xa que logo, o emprego ulterior do cómputo ptolemaico no presente estudo.

O PAROCHIALE SUEVUM

O *Parochiale Suevum*, “Parroquial Suevo”, é a denominación convencional dunha listaxe eclesiástica cuxo texto xenuíno foi redactado inequivocamente entre os anos 572 e 589 (DAVID 1947: 67-68) co propósito de fixar os lindeiros entre as xurisdicións episcopais galaico-lusitanas. Co tempo, as diferentes compilacións manuscritas diversificaron esta base común. DAVID (1947: 31-44) editou a principal versión unificada, cuxo texto,

destacando en cursiva as interpolacións e certas fórmulas técnicas que serán aquí obxecto de discusión específica, é o seguinte:

I ¹Ad cathedram Bracarensem ecclesiæ *que in uicino sunt*: ²Cetumcellas; ³Coetos; ⁴Lemeto; ⁵Anoaste; ⁶Milia; ⁷Ciliolis; ⁸Ad portum; ⁹Agilio; ¹⁰Carandonis; ¹¹Tauuis; ¹²Ciliotao; ¹³Cetanio; ¹⁴Oculus; ¹⁵Cerecis; ¹⁶Petroneto; ¹⁷Equesis. ¹⁸Ad saltum. *Item pagi*: ¹⁹Pannonias; ²⁰Lætera; ²¹Brigantia-Aliste; ²²Astiatico; ²³Tureco-Uallariza; ²⁴Auneco; ²⁵Merobrio; ²⁶Berese; ²⁷Palantucio; ²⁸Celo; ²⁹Supelegio; ³⁰Senequio. Sunt hæc xxx.

II ¹Ad sedem Portugalensem in castro nouo ecclesias *que in uicino sunt*: ²Uillanoua; ³Betaonia; ⁴Uisea; ⁵Menturio; ⁶Torebria; ⁷Bauuaste; ⁸Bonzoaste; ⁹Lumbo; ¹⁰Nescis; ¹¹Napoli; ¹²Curmiano; ¹³Magneto; ¹⁴Leporeto; ¹⁵Melga; ¹⁶Tongobria; ¹⁷Uilla Gomedei; ¹⁸Tauuase. *Item pagi*: ¹⁹Labrencio; ²⁰Aliobrio; ²¹Ualle aritia; ²²Truculo; ²³Cepis; ²⁴Mandolas; ²⁵Palentiaca. Sunt hæc xxv.

III ¹Ad Lamecum ipsum Lamecum: ²Tuentica; ³Arauoca; ⁴Cantabriano; ⁵Omina; ⁶Camianos. Sunt hæc vi.

IV ¹Ad Conimbricensem Conembrica: ²Eminio; ³Selio; ⁴Lurbine; ⁵Insula; ⁶Antunane; ⁷Portucale castrum antiquum. Sunt hæc vii.

V ¹Ad Uisensem Uiseo: ²Rodomiros; ³Submontio; ⁴Subuerbeno; ⁵Osania; ⁶Ouellione; ⁷Tutela; ⁸Coleia; ⁹Caliabrica quæ apud Gotos postea sedes fuit. Sunt hæc ix.

VI Ad Dumio familia seruorum.

VII ¹Ad Egitanensem *tota Egitaniam*: ²Municipio; ³Francos. Sunt hæc iv.

VIII ¹Ad Lucensem Luco ciuitas cum adiacentia sua *quam tenent comites undecim*, una cum: ²Carioca; ³Seuios; ⁴Cauarcos. *Montenegro, Parraga, Latra, Azumara, Segios, Triauada, Pogonti, Saluaterra, Monteroso, Doria, Deza, Colea.*

IX ¹Ad Auriensem sedem: ²Palla Aurea; ³Uerugio; ⁴Bibalos; ⁵Teporos; ⁶Geurros; ⁷Pincia; ⁸Cassauio; ⁹Uerecanos; ¹⁰Senabria; ¹¹Calapacios maiores. Sunt hæc x.

X ¹Ad Asturicensem sedem ipsa Astorica: ²Legio; ³Bergido; ⁴Petra speranti; ⁵Comanca; ⁶Uentosa; ⁷Maurelos superiores et inferiores; ⁸Senimure; ⁹Fraucelos; ¹⁰Pesicos. Sunt hæc xi.

XI ¹Ad Iriensem ipsa Iria: ²Morracio; ³Salinense; ⁴Contentos; ⁵Celenos; ⁶Metacios; ⁷Mercienses; ⁸Pestemarcos. Sunt hæc vii. *Coporos, Celticos, Bregantinos, Prutenos, Prucios, Besancos, Trasancos, Lapaciencos, Arros.*

XII ¹Ad Tudensem ecclesias *que in uicino sunt*: ²Turedo; ³Tabulela; ⁴Lucoparre; ⁵Aureas; ⁶Langetude; ⁷Carisiano; ⁸Marciliana; ⁹Turonio; ¹⁰Celesantes; ¹¹Toruca. *Item pagi*: ¹²Aunone; ¹³Sacria; ¹⁴Erbilione; ¹⁵Cauda; ¹⁶Ouinia; ¹⁷Cartase. Sunt hæc xv.

XIII *Ad sedem Britonorum ecclesias que sunt intro Britones cum monasterio Maximi et que in Asturiis sunt.*

Logo de ter subscitado este documento unha notábel controversia filolóxica e historiográfica, DAVID (1947) abriu, ata hoxe, a confirmación e consenso xeral arredor da súa autenticidade, ao separar a valoración da listaxe eclesiástica, arriba reproducida, da do «discurso de Teodomiro» que a introduce na meirande parte das súas versións manuscritas, chegando a “établir que le *Parochiale* suève du VI^e siècle est un document digne de foi, sur lequel historiens et géographes peuvent travailler en sécurité” (DAVID 1947: 82).

Dentro das múltiples facetas do *Parochiale* atópanse a política e a administración. Dado que a organización tardo-antiga da Igrexa se baseou na súa adaptación ás xurisdicións civís (WARD-PERKINS 1998: 400; FERNÁNDEZ CALO 2015: 91), no *Parochiale* subxace de certo a organización político-administrativa da *Gallaecia* do seu tempo (DAVID 1947: 82; DÍAZ MARTÍNEZ 2004: 372-374; 2011: 192; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 460-461). Isto evidénciase atendendo á propia natureza do documento: unha demarcación precisa das xurisdicións episcopais dun dominio político, o Reino Galaico-Suevo, a partires de igrexas locais pre-existentes; o que infire tamén nelas unha dimensión xurisdiccional e a súa potencial correspondencia con senllas circunscricións civís, amais de, canda menos, a vontade de exhaustividade na relación das mesmas.

Ademais, a dimensión político-administrativa destas igrexas evidénciase diacronicamente a través das cecas galaico-visigodas, de enorme proliferación nas décadas subseguintes á conquista leovixildiana (585); e nidia manifestación do poder local e das súas elites dirixentes, tanto urbanas coma rurais (MILES 1952; DÍAZ MARTÍNEZ 2004; SÁNCHEZ PARDO 2014b; BARROSO & *al.* 2015: 110-114; FERNÁNDEZ CALO 2015: 135-136). A meirande parte delas repite os mesmos topónimos que aparecen no *Parochiale* (DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 199-202; FERNÁNDEZ CALO 2015: 218), o que apunta indefectibelmente á súa dimensión política.

Aínda no Alto Medievo se identifica un nido paralelismo civil-eclesiástico, conforme o que as *dioeceses*, demarcacións eclesiásticas locais, se corresponderían aos *territoria* políticos, que asemade devirían nos primitivos arcediagados e arciprestados (COSTA 1997: 374ss.; LÓPEZ ALSINA 1999: 288; SÁNCHEZ PARDO 2008: 517; FERNÁNDEZ CALO 2015: 140-142). En efecto, a territorialidade política medieval deriva sen dúbida dunha longa xenealoxía histórica (ISLA FREZ 1992: 145; SÁNCHEZ PARDO 2008: 516-517) que conecta as *ciuitates* romanas cos *territoria* suevo-visigodos e medievais (MERÊA & GIRÃO 1943: 255-256). Certas achegas teñen salientado, neste senso, a potencial correspondencia dalgunhas *ecclesiae* do *Parochiale* con senllas demarcacións eclesiásticas locais do Alto Medievo (COSTA 1997: 126-138; LÓPEZ ALSINA 1999: 271-272; 280; DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 239). Do mesmo xeito, conectando coa época previa, SÁNCHEZ PARDO (2014: 460-461) sinala expresamente que “las *ecclesiae* que se citan en Galicia en el Parroquial Suevo son, ni más ni menos, que las propias circunscripciones civiles tardorromanas”. En suma, non só se debuxa o contido político-administrativo do *Parochiale*, senón o vencello das entidades identificadas neste documento co seu pasado romano; e, xa que logo, co «cómputo pliniano».

Concretando xa as achegas historiográficas verbo ao contido político-administrativo do *Parochiale*, existe un punto común arredor da equivalencia entre «topónimo citado» e «entidade política local». A partires desta premisa, a simple análise aritmética do *Parochiale* impón unha interpretación de amplo consenso historiográfico: o documento reporta ata 158 topónimos, dos que 74 deles, case a metade do total, corresponden só a tres das trece sés episcopais: Braga, Porto e Tui (figura 1). Prescindindo das mencións interpoladas, esta relación exacerbase: 72 de 131. Por iso, múltiples investigadores teñen redundado na hipótese de que esta presunta área fulcral do Reino estaría mellor artellada do que o resto, e mesmo que a monarquía sueva tería fomentado aquí unha organiza-

ción eclesiástica e político-administrativa máis avanzada (DAVID 1947: 80, 82; DÍAZ Y DÍAZ 1976: 115; TORRES RODRÍGUEZ 1977; ISLA FREZ 1992: 15; FERNANDES 1997: 92-95; DÍAZ MARTÍNEZ 1997: 263; 1998: 41; 2011: 193; 197; 239; NOVO GÜISÁN 1997-1998: 187; LÓPEZ QUIROGA 2004: 48; NÚÑEZ GARCÍA 2013: 26-27; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 467).

Con todo, tales conclusións, sobre as que pesa un ineludíbel consenso historiográfico potencialmente útil para o presente estudo, derivan da análise superficial das implicacións político-administrativas do *Parochiale*. Pola contra, a potencial complexidade deste documento, amais da perspectiva político-administrativa privilexiada no presente estudo, obrigan aquí a afondarmos na súa análise interna.

In uicino, item pagi

Nas xa referidas sés de Braga, Porto e Tui, o *Parochiale* relaciona as *ecclesiae* baixo dúas fórmulas:

- 1^a. — «*ecclesiae que in uicino sunt*», “igrexas que están *in uicino*”;
- 2^a. — «*item pagi*», “do mesmo xeito, *pagi*”.

Existe, pois, como xa denotou DAVID (1947: 16; 69-70), unha nidia contraposición textual entre os conceptos «*ecclesiae in uicino*» e «*pagi*». Sendo o *Parochiale* en esencia unha listaxe eclesiástica, poida que ambas as expresións rexistren invariabelmente igrexas; no segundo caso implicitamente, a través do adverbio «*item*». Discerniríanse, así, as *ecclesiae in uicino* das *pagi ecclesiae*. Estritamente, a contraposición terminolóxica nunca sería «*ecclesiae-pagi*», senón «*ecclesiae in uicino-pagi*»; e mesmo «*uicinus-pagi*», se é que esta segunda voz, como semella lóxico, tamén denota igrexas.

A primeira voz, «*uicinus*», pertence á familia léxica de «*uicus*», e como tal é xeralmente interpretada pola historiografía: o binomio «*uicinus-pagi*» transfórmase en «*uici-pagi*». Certamente, asumindo *a priori* que o *Parochiale* rexistre igrexas rurais, semella razoábel atoparmos unha acepción habitacional para ambos os termos, cuxo sentido se achegaría así, indistintamente, a “aldea”. Con todo, ambos os termos teñen en latín unha grande polisemia (PÉREZ LOSADA 2002: 15ss.; LAMOINE 2009: 13-14; TARPIN 2009); e xa varios autores teñen primado a súa acepción político-administrativa, non estritamente habitacional (DÍAZ MARTÍNEZ 2004: 372-374; LÓPEZ QUIROGA 2004: 48; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 456); opción que, dada a propia temática do presente estudo, devén aquí ineludíbel.

Con todo, contra as achegas anteriores, cómpre reiterarmos que o primeiro termo é «*uicinus*», non «*uicus*»: “veciñanza”, non “aldea”. Nun senso amplo, o latín «*uicinus*», coma o romance «veciñanza», teñen unha semántica imprecisa. Unha lectura político-administrativa no contexto demarcatorio no que aparece a devandita expresión, logo precisamente da mención da cidade episcopal correspondente, supón, pola contra, unha nidia acotación xeográfica: *uicinus* denotaría neste caso afinidade xurisdiccional. Deste xeito, independentemente da súa ubicación puntual, as igrexas nomeadas baixo a devandita epígrafe situaríanse *dentro* do espazo xurisdiccional local de Braga, Porto e Tui; denotando, pois, o nivel sub-local do artellamento administrativo.

Por outra banda, opoñéndose nas fórmulas o termo «*pagus*» a «*uicinus*», intúese tamén a súa senlla oposición semántica. Se, efectivamente, «*pagus*» pode facer referencia a un tipo concreto de núcleo habitacional, o certo é que xa dende a Antigüidade designara tamén un tipo de distrito territorial; e será esta acepción a que triunfe nos reinos bárbaros e na Idade Media. Neste senso, o propio *Sitz im Leben* do *Parochiale* apunta a unha acepción político-administrativa.

Atendendo ao contexto histórico do Reino Galaico-Suevo, o único ámbito veciño no que «*pagus*» se empregaba extensamente na terminoloxía política tardo-antiga era o Reino Galo-Franco. Xa se teñen salientado xenericamente algúns paralelismos que a organización episcopal galaico-sueva compartiría coa galo-franca (DÍAZ Y DÍAZ & VILARIÑO PINTOS 2002: 540; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 461). Dende a Idade do Ferro, o concepto latinizado «*pagus*» designara na *Gallia* un tipo moi concreto de distrito territorial, no que se subdividían internamente as *ciuitates* locais, cunha funcionalidade se cadra vencellada ao control da propiedade agrícola (LAMOINE 2009: 13-14; TARPIN 2009). Os *pagi* acadarían unha meirande importancia na Tardoantigüidade e no Medioevo, polo proceso de señorialización e feudalización política (PERROY 1967), e a progresiva fragmentación do poder civil; co que pasaron a designaren a referencia local básica da *origo* e do poder político. Neste senso, os *pagi* galaico-suevos corresponderían a entidades políticas rurais, con demarcacións locais propias, independentes da xurisdición civil local das cidades episcopais.

Varios indicios apoian esta lectura. Xa algúns autores teñen observado que os *pagi*, conforme ás súas identificacións hipotéticas, amosarían unhas localizacións máis excéntricas verbo ás cidades episcopais correspondentes do que as entidades nomeadas baixo a epígrafe «*ecclesiae que in uicino sunt*» (DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 238; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 455). A localización das igrexas *in uicino* dentro da xurisdición local das súas cidades, fronte ás xurisdicións externas dos *pagi*, explicaría, certamente, esta circunstancia.

Un segundo indicio atópase nas cecas galaico-visigodas. Do total testemuñado, ata 16 se corresponden ás tres sés que presentan a dicotomía *uicinus-pagi*, das que 14 se axustan univocamente á interpretación aquí exposta das entidades locais, citándose ou ben como *pagi* —11— ou ben como *ciuitates* episcopais (figura 7; DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 199-202; FERNÁNDEZ CALO 2015: 218). As dúas únicas excepcións posíbeis son *Tornio* e *Toriuiana*, dadas as súas plausíbeis correspondencias, respectivamente, coas *ecclesiae in uicino* de *Turonio* e *Torebria* (*Par. Suev.*, XII, 9; II, 6); e xa que logo, conforme á hipótese aquí desenvolvida, a entidades sub-locais, dependentes concretamente de Tui e Porto, cuxa competencia de emitir moeda deviría inverosímil.

De calquera xeito, cómpre matizarmos tales excepcións. Por unha banda, *Tornio* insírese entre as emisións triunfais de Recaredo (MILES 1952: n.º. 74; BARROSO & al. 2015: 25, n37; 42-44; 44, n85), o que a afasta da casuística ordinaria das emisións locais galaico-visigodas; pola outra, *Toriuiana* non ten unha redución unívoca na *ecclesia* de *Torebria*, senón que, pola mesma afinidade lingüística, podería corresponderse tamén aos *pagi* de *Tureco* e *Ouinia*, bracarense e tudense, respectivamente (*Par. Suev.*, I, 23; XII, 16; FERNÁNDEZ CALO 2015: 136). Unha última correspondencia posíbel para

Toriuiana sería *Tauuis*, *ecclesia* «*ad Portum*» de Braga (*Par. Suev.*, I, 11); denominación que, como se amosará de contado, tamén podería facer referencia a entidades políticas alleas á xurisdición local bracarense.

Estas dúas excepcións, que como se amosou non son seguras nin decisivas, tampouco desmerecen o argumento aquí desenvolvido, pois a proporcionalidade diferencial na emisión monetaria entre os *pagi* e as *ecclesiae in uicino* —11 fronte a 2, aínda mantendo as inseguras correspondencias xa comentadas— constitúe un notábel indicio a prol da diverxencia constitucional entrambas as denominacións.

En suma, as expresións «*in uicino*» e «*item pagi*» conteñen unha semántica político-administrativa, opoñendo a territorialidade sub-local no primeiro caso e a local no segundo. Esta hipótese permite comprender a evidente contraposición textual de ambas as expresións; amais de corrixir a sobrerrepresentación de entidades que o *Parochiale* reflicte aparentemente para as sés de Braga, Porto e Tui.

CECA	TOPÓNIMO NO PAROCHIALE SUEVUM	DENOMINACIÓN	DEPENDENCIA EPISCOPAL
Aliobrio	Aliobrio	<i>pagus</i>	Braga
Berganc(i)a	Brigantia	<i>pagus</i>	Braga
	Bregantinos	<i>ecclesia</i> interpolada	Iria
Celo (Inceio)	Celo	<i>pagus</i>	Braga
Cepis	Cepis	<i>pagus</i>	Porto
Laure	Labrencio (?)	<i>pagus</i>	Porto
Laurucló			
Nandolas	Mandolas	<i>pagus</i>	Porto
Palentucio	Palantucio	<i>pagus</i>	Braga
Pannonias	Pannonias	<i>pagus</i>	Braga
Saetera	Laetera	<i>pagus</i>	Braga
Toriviana	Ouinia (?)	<i>pagus</i>	Tui
	Tauuis (?)	[<i>ecclesia</i>] <i>ad Portum</i>	Braga
	Torebria (?)	<i>ecclesia in uicino</i>	Porto
	Tureco (?)	<i>pagus</i>	Braga
Tornio	Turonio	<i>ecclesia in uicino</i>	Tui
Valle Aritia	Ualle aritia	<i>pagus</i>	Porto
Vallegia			

Figura 7. Cecas correspondentes a igrexas *in uicino* e *item pagi*.

Ad portum, ad saltum

A sé de Braga presenta outras dúas singularidades: unhas mencións formalmente insólitas, e dúas interpolacións. Exporase primeiro esta segunda cuestión, que presenta menos dificultades, para logo centrarmos o presente apartado nas referidas mencións.

O documento 10 do *Liber Fidei*, unha soa das múltiples versións que recompilan o *Parochiale*, engade *Aliste* á mención *Brigantia*, e *Uallariza* a *Tureco* (*Par. Suev.*, I,

21; 23; DAVID 1947: 32, nI.21; 33, nI.23). O carácter illado desta interpolación invita simplemente a eludila, pois, malia non excluír a pertenza bracarense destas áreas tramontanas (COSTA 1997; FERNÁNDEZ CALO 2015: 159, n8-9; ALARCÃO 2015: 41-43), si desbota a dimensión política de *Aliste* e *Uallariza* —Vilariça— en época suevo-visigoda, cando en todo caso se inserirían dentro dos *pagi* precedentes de *Brigantia* e *Tureco* (figura 1).

As referidas mencións, pola contra, si obrigan a un tratamento pormenorizado. Na listaxe bracarense aparecen dous topónimos anómalos pola súa sintaxe en acusativo e a presenza da preposición latina «ad», privativa dos encabezados episcopais no resto do documento: *ad portum* e *ad saltum* (*Par. Suev.*, I, 9; 18). Ata o de agora, a historiografía opuxo dúas solucións a esta anomalía:

- 1^a. ignorala, computando simplemente unhas igrexas de *Ad portum* e *Ad saltum* (FERNANDES 1997: 56; 62; CARBAJAL SOBRAL 1999: 230; 231; ALARCÃO 2001: 32; 35);
- 2^a. considerar ambas as expresións complementos dos topónimos anteriores, resultando unhas igrexas de *Ciliolis ad Portum* e *Equesis ad Saltum* (FERRANDO Y ARNAU 1893: 20).

De calquera xeito, a anómala presenza da preposición «ad», sexa en posición inicial ou intermedia, afasta estas mencións do resto dos topónimos do *Parochiale*. Cómpre valorarmos, xa que logo, a posibilidade de que non constitúan igrexas locais, senón fórmulas técnicas ao mesmo nivel cás xa tratadas «*que in uicino sunt*» e «*item pagi*». En efecto, nin a súa enumeración na edición reproducida nin os totais contidos nas glosas do *Parochiale* poden terse como elementos de xuízo decisivos para a interpretación destes dous enunciados, xa que a súa relación co texto xenuíno do documento é incerta.

Neste senso, a lectura das fórmulas «*ad portum*» e «*ad saltum*» deviría en “[*ecclesiae* que se atopan] deica o *portum*” e “deica o *saltum*”, respectivamente; conformando *portum* e *saltum*, asemade, referencias corográficas precisas, que concretarían a localización xeográfica das *ecclesiae* citadas a continuación das mesmas:

- 1^o. *Portum* ben podería referirse á propia sé episcopal veciña do Porto; os portos de mar da bispado de Braga; ou un porto de montaña, posibilidade que encadrelaría coa ubicación concreta que se lle ten proposto en canto a *ecclesia* (FERNANDES 1997: 56; ALARCÃO 2001: 32). A devandita epígrafe inclúe a *ecclesia* de *Oculis* (*Par. Suev.*, I, 14), inequivocamente correspondente a *Oculis Calidarum* (CIL II, 2410; ALARCÃO 1998: 434; 2001: 34; FERNANDES 1997: 59), posíbel *ciuitas* galaico-romana sita na actual Caldas de Vizela (figura 1). Pola súa significativa distancia verbo a Braga e o seu potencial carácter civil romano, débuxase a posibilidade de que a fórmula «*ad portum*» exclúa a pertenza á demarcación local (*uicinus*) da cidade episcopal, dun xeito idéntico á fórmula «*item pagi*».
- 2^o. Poida que *Saltum* se refira, do mesmo xeito, a unha localidade concreta actual homónima (FERNANDES 1997: 62; ALARCÃO 2001: 35); ou ben, xenericamente, a unha “fraga” ou un territorio salvaxe e pouco humanizado, como probabelmente

o era a área de Trás-os-Montes na Tardoantigüidade. Que a epígrafe se refira, efectivamente, a localizacións desta área demóstrase na inclusión de *Pannonias*, *Laetera* e *Brigantia*, correspondentes inequivocamente aos *territoria* medievais tramontanos de Panóias, Ledra e Bragança (MERÊA & GIRÃO 1943; COSTA 1997: 32-33; FERNANDES 1997: 62-63; ALARCÃO 1998: 429; 432; 2001: 34-35; 2015: 40-41). Neste caso, a exclusión do ámbito local de Braga sería, conforme á hipótese aquí desenvolvida, inequívoca, pois a mención «*ad saltum*» antecede inmediatamente a «*item pagi*» (figura 1).

En suma, entendermos ambas as expresións como fórmulas técnicas e non como *ecclesiae* explica a súa singularidade formal, e obriga a afinarmos o cómputo de entidades locais dependentes da sé de Braga. O *Parochiale* reporta para a mesma un total de 30 topónimos, dos que descontando *ad portum* e *ad saltum* deveñen 28. Pola hipótese da contraposición político-administrativa dos termos *uicinus-pagi*, obtense que deles só 13 —os 12 topónimos citados logo da mención «*item pagi*» máis a propia cidade de Braga— reportarían entidades políticas locais. Porén, se se admite, como semella razoábel, tamén o carácter dissociador da fórmula «*ad portum*», este total incrementárase a 22, polas 9 *ecclesiae* citadas baixo a mesma.

A *Adiacentia* lucense

Lugo presenta unhas fórmulas únicas no *Parochiale*, o cal redundando no carácter singular da súa organización interna: cítanse dun xeito nidio tres *ecclesiae* independentes; e nesta cidade (*Luco ciuitas*), “unha” (*una*) para ela e “a súa contorna” (*cum adiacentia sua*), ao que a metade das versións do documento (DAVID 1947: 38, nVIII.4) interpolan “a cal posúen once condes” (*quam tenent comites undecim*).

Os topónimos correspondentes a esta interpolación, con todo, non son 11 senón aparentemente 12. Isto podería deberse a que algún deles fose composto, como de feito se asume que acontece con *Tria uada*; ou ben a que os copistas medievais valorasen a repetición do topónimo orixinal *Seuios* co interpolado *Segios* (NOVO GÜISÁN 1997-1998: 191).

Contrariamente a esta interpolación, a mención da «*adiacentia*» do encabezado si é xenuína, por canto se atopa en todas as versións do *Parochiale* agás unha (DAVID 1947: 38, nVIII.1). Porén, ao non existir ningunha expresión análoga en todo o documento coa que confrontala, enxérgase o carácter singular da situación eclesiástica e político-administrativa que describe. En efecto, a mención da *Adiacentia* lucense nunha demarcación eclesiástica coma o *Parochiale* invita a entendela, canda todos os demais topónimos, coma un territorio taxativamente delimitado, que concretaría canda as restantes mencións de *ecclesiae* a *potestas* episcopal lucense. Por outra banda, a dicotomía do encabezado lucense entre as expresións «*Luco ciuitas*» e «*Adiacentia*» infire a exclusión mútua entrambos os termos. Por esta razón, poida que a *Adiacentia* se corresponda á contorna supra-local de Lugo: a opción oposta —a xurisdición intrinsecamente local da cidade— desbótase por redundante, pois semellante concreción

textual non se repite para ningunha outra sé, nas que abonda indefectibelmente a reiterada fórmula «*ad sedem* determinada», «*ipsa sedes*».

Isto supón entendermos a *Adiacentia* coma un espazo supra-local, hoxe difuso, pero que indefectibelmente no intre de redacción do *Parochiale* serviu para concretar parte da xurisdición eclesiástica lucense; e que en época medieval se desglosou, arbitrariamente ou non, polos once condados interpolados. Isto explicaría, sen recorreremos á noción hipotética dunha cristianización superficial da contorna de Lugo (DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 239), o exíguo número de igrexas subministrado polo *Parochiale* para esta sé, pois unha cantidade indeterminada delas ficaría cuberta coa mención «*cum adiacentia sua*».

Inequivocamente, Lugo reporta un mínimo de 4 entidades locais pola propia cidade episcopal (*ad Lucensem Luco ciuitas*) máis as tres *ecclesiae* nomeadas a continuación; pero o máximo acótase pola adición dos 11 condados medievais a esta cifra. Estes mesmos condados, vixentes se cadra nos séculos XI-XII (NOVO GÜISÁN 1997-1998: 192; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 457), terían sido resultado da evolución dunhas entidades suevo-visigodas previas equivalentes, silenciadas no texto xenuíno do *Parochiale*, polo que tamén enxergan, diacrónica e superficialmente, a xeografía política tardo-antiga.

Sendo así, Lugo reporta de 4 a 15 entidades locais. Se, pola contra, se opta polo cómputo toponímico aparente dos condados, segundo se expuxo menos verosímil, o máximo pasaría a 16.

A inconcreción iriense

A sé de Iria presenta no *Parochiale* dúas singularidades: a variabilidade do encabezado, e unha interpolación. De seguido exponse unha valoración individualizada de cada unha delas.

A variabilidade do encabezado responde a que a fórmula inicial desta sé varía nas diferentes recompilacións do *Parochiale*. Malia que arriba se reproduciu sen modificacións a edición de DAVID (1947), esta é obviamente só unha proposta conciliadora entre as múltiples versións existentes. En concreto, o encabezado en cuestión, «*ad Iriensem sedem ipsa Iria*» só se recolle nunha das mesmas: a de Alcobaça, editada por Bernardo de Brito. En troques, a segunda das versións recompiladas por García de Loaysa contrapón «*Iriensis teneat*»; namentres que as máis das restantes recompilacións recollen simplemente «*ad Iriensem*» sen especificaren «*ipsa Iria*» (DAVID 1947: 29; 41, nXI.1). Embora o encabezado reproducido arriba (*ad Iriensem sedem ipsa Iria*, “á sé Iriense [corresponde] a mesma Iria”) carrexese efectivamente contabilizarmos a cidade episcopal coma unha entidade local separada das restantes, os outros (*ad Iriensem*, “a Iria [corresponden]”; *Iriensis teneat*, “a [sé] iriense ten”), aínda sen excluíren a posibilidade dunha lectura idéntica, autorizan tamén, pola súa ambigüidade ao non concretaren a fórmula ordinaria «*ipsa Iria*», dúas solucións ben diferentes (figura 8):

- 1^a. A relación de 7 entidades locais, eludindo a cidade episcopal, que se inseriría neste caso nalgunha das nomeadas. Tal solución, con todo, semella desbotarse polo inequívoco carácter civil de Iria canda menos na Romanidade (PÉREZ LOSADA 2002: 89; FERNÁNDEZ CALO 2015: 64); aparentemente vixente na propia denominación tardo-antiga do bispado.

2^a. Un desglosamento sub-local da propia cidade episcopal, dun xeito análogo á xa tratada fórmula «*in uicino*». Con todo, diacronicamente evidénciase a exclusión destas entidades verbo á xurisdición local iriense. Así, *Celenos* e *Pestemarcos* (*Par. Suev.* XI, 5; 8) correspóndense a senllas *ciuitates* galaico-romanas: *Cileni* e *Celtici Praestamarci* (Plin., *Nat.*, IV, 111-112). O mesmo acontece con *Contenos* e *Mercienses* (*Par. Suev.*, XI, 4; 7) e as cecas galaico-visigodas de *Conteno* e *Mertia* (PLIEGO VÁZQUEZ & CORREA 2006: 495-496; PLIEGO HERRERA & PLIEGO VÁZQUEZ 2007; fig. 1).

A solución debuxada polo primeiro encabezado —contabilizar 8 entidades, incluída Iria— é, xa que logo, a máis verosímil en termos históricos e textuais, pois tamén a autorizan, embora dun xeito equívoco, os outros dous encabezados.

A segunda dificultade verbo á sé iriense, como xa se aludiu, estriba na interpolación, presente con matices en tres das versións recompiladas (DAVID 1947: 42, nXI.8), de nove *ecclesiae* máis ao remate da relación (*Par. Suev.*, XI, 8). Malia non se corresponderen coa redacción orixinal do *Parochiale*, existen varias razóns para contabilizalas igualmente no cómputo total. Primeiro, todas elas remiten ao ámbito noroccidental galaico da Costa da Morte e o Golfo Ártabro, que *a priori* non cobre ningunha outra sé do *Parochiale*. Segundo, *Coporos*, *Celticos* e *Arros* remiten a pobos galaicos ben testemuñados (Plin., *Nat.*, III, 28; IV, 111); e *Bregantinos* á cidade galaico-romana de *Flauium Brigantium* (Ptol, II, 6, 4; *It. Ant.*, 424, 5; *Not. Dign.* 42, 30), o que demostra a súa correspondencia con entidades políticas previas.

Evidénciase así que canda menos parte das entidades reflectidas na interpolación existisen xa no período suévico e no propio intre de redacción do *Parochiale*, sendo eludidas do mesmo por algunha razón que se nos escapa; mais que posibelmente teña que ver con non ter ficado nelas delimitada a *potestas* episcopal. Recentemente, SÁNCHEZ PARDO (2014a: 457-458) ten argumentado a prol dunha datación temperá da interpolación, anterior a mediados do século IX, por reflectir unha territorialidade aparentemente máis arcaica có documento de Tructino, destoutra época. Isto achega, pois, a xeografía política reflectida e silenciada, respectivamente, pola interpolación iriense e o texto xenuíno do *Parochiale*.

En suma, o cómputo iriense varía dependendo dos criterios que se escolleren para a interpretación do encabezado e da interpolación final (figura 8). Deste xeito, o intervalo posíbel vai dunha única entidade local a 17. Malia que, conforme ao aquí exposto, o cómputo máximo semella o óptimo, a incerteza obriga a mantermos o intervalo.

COMBINACIÓN DE CRITERIOS		interpolación	
		emprégase	óbstase
encabezado	<i>ad Iriensem ipsa Iria</i>	17	8
	<i>Iriensis teneat; ad Iriensem</i>	10-16	1-7

Figura 8. Cómputos irienses posíbeis.

A inconcreción britoniense

É verbo á sé de Bretoña para a que as fórmulas do *Parochiale* se presentan máis orixinais e, consecuentemente, tamén máis problemáticas.

O texto arriba reproducido denota, abofé, un xenitivo plural (*ad Sedem Britonorum*), o que apunta a unha insólita natureza étnica ou xentilicia da mesma, propia da «cristiandade céltica» ou «insular» dos seus fundadores bretóns (DAVID 1947; DÍAZ Y DÍAZ 1976: 114; CARBAJAL SOBRAL 1999: 214; GARCÍA Y GARCÍA 2000; DÍAZ Y DÍAZ & GARCÍA PIÑEIRO 2002: 212; YOUNG 2002: 36-40; 107-111; CALO LOURIDO 2010: 232-236; FERNÁNDEZ CALO 2015: 116-117). En troques, a metade das versións recompiladas do *Parochiale* opoñen un carácter territorial; ou sexa, xenericamente propio da cristiandade romana, con fórmulas como «*ad sedem Bretonicam*» ou «*Bretunicam*», e «*Britonacensis teneat*». A natureza xentilicia vólvese apuntar coa expresión «*ecclesias que sunt intro Britones*»; pero outra volta a metade das versións opoñen unha natureza territorial con «*ecclesias que in uicino sunt*» (DAVID 1947: 44, nXIII.1).

Por outra banda, as glosas do *Parochiale* eluden o cómputo de *ecclesiae*, o cal é insólito neste documento, namentres o texto cifra paradoxalmente en unha (*una cum*) o plural asociado á expresión «*ecclesias que sunt intro Britones*». Tal incoherencia matízase co outro posíbel encabezado, pois a expresión «*in uicino*», como se desenvolveu arriba, referiríase ás igrexas rurais abranguidas por unha única demarcación local.

O tratamento documental da sé britoniense afástase, pois, do das súas homólogas. Intúese que as mencións xenéricas «*intro Britones*» e «*in Asturiis*», hoxe escuras mais presumibelmente precisas no intre de redacción do *Parochiale*, implicitan un número superior de igrexas locais do de feito reflectido no documento. Lamentablemente, a súa identificación resulta imposible dentro dos límites metodolóxicos do presente estudo. Mantendo, con todo, a proposta metodolóxica orixinal, e advertindo a súa manifesta insuficiencia para o caso específico de Bretoña, o *Parochiale* reporta aquí tres entidades: as dúas mencionadas, con aparencia de seren en realidade mencións supra-locais; e máis o *monasterium Maximi*, entidade monástica e xa que logo de incerta correspondencia político-administrativa.

Cómputos episcopais

O cómputo global do *Parochiale*, por orde de mención documental, sintetízase como segue (figura 9):

- 1.º. Como xa se expuxo, Braga reporta ou 13 ou 22 entidades políticas locais, sendo a lectura idónea a superior.
- 2.º. Porto reporta a propia cidade episcopal máis as entidades políticas locais contidas baixo a fórmula «*item pagi*»: 8.
- 3.º. Lamego reporta a propia cidade episcopal (*ad Lamecum ipsum Lamecum*) máis todas as *ecclesiae* nomeadas: 6.
- 4.º. Do mesmo xeito, Coimbra reporta a propia cidade episcopal (*ad Conimbricensem Conembrica*) máis todas as *ecclesiae* nomeadas: 7.

SÉ EPISCOPAL	CÓMPUTO UNÍVOCO	INTERVALO INCERTO MÁXIMO		«CÓMPUTO-MODELO»
		cómputo mínimo	cómputo máximo	
Braga	-	13	22	22
Porto	8	-	-	8
Lamego	6	-	-	6
Coimbra	7	-	-	7
Viseu	9	-	-	9
Dume	-	0	1	0
Idanha	-	1	3	3
Lugo	-	4	16	15
Ourense	10	-	-	10
Astorga	11	-	-	11
Iria	-	1	17	17
Tui	7	-	-	7
Bretoña	-	2	3	2
TOTAL	-	79	120	117

Figura 9. Cómputos parroquiais.

- 5º. Outra volta, Viseu reporta a propia cidade episcopal (*ad Uisensem Uiseo*) máis todas as *ecclesiae* nomeadas: 9.
- 6º. A sé de Dume non é asimilábel ás restantes, por canto conformaba un mosteiro dirixido por un abade con dignidade episcopal. Era sen dúbida independente dos poderes episcopais, e posibelmente dos civís locais, de Braga; pero a súa localización vindeira á devandita cidade e a elusión no *Parochiale* de toda igrexa dependente exclúe a posibilidade dunha xurisdición territorial dumiense correspondente a algunha senlla entidade política local. Da propia expresión textual «*ad Dumio familia seruorum*» intúese a xurisdición persoal, non territorial, desta sé monástica (DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 236). De calquera xeito, evitando un exceso categórico, repórtase para o cómputo final a posibilidade de que efectivamente Dume constituíse unha entidade política local; de xeito que se contabiliza para ela ningunha ou 1 entidade.
- 7º. Para Idanha o encabezado inicial é insólito e a súa solución, insegura: «á [sé] exitanense [corresponde] toda Idanha» (*ad Egitanensem tota Egítania*). Se a expresión «toda Idanha» se refire á súa xurisdición eclesiástica, as dúas entidades citadas a continuación poden tanto contabilizarse á parte da citada Idanha, dando lugar a 3 entidades locais; ou ben considerárense o desglosamento da propia expresión «toda Idanha». Neste caso, comporían unicamente dúas entidades locais en caso de que *Municipio* conformase unha referencia á propia cidade episcopal. Se, pola contra, a citada expresión denota a propia demarcación civil local da cidade, e non a súa xurisdición episcopal, as *ecclesiae* nomeadas situaríanse en entidades sub-locais, co que a sé en conxunto só reportaría a única entidade política local da propia Idanha. As glosas recollen un cómputo de 4 *ecclesiae*, o cal

semella un erro por canto son nomeadas un máximo de 3. As posibilidades para Idanha son, pois, 1, 2 ou 3 entidades políticas locais. Dado que en todas as sés do *Parochiale* as mencións de *ecclesiae*, agás no caso das precedidas pola fórmula «*in uicino*», reportan entidades políticas locais, o cómputo máximo é o máis verosímil. A isto engádese o testemuño dunha ceca galaico-visigoda *Monecipium* (DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 199-202; FERNÁNDEZ CALO 2015: 217), que infire a senlla independencia local desta entidade e apoia a solución proposta.

- 8º. Como xa se expuxo, Lugo reporta de 4 a 16 entidades políticas locais, sendo a lectura idónea 15, embora parcialmente diacrónica verbo ao resto do documento.
- 9º. No caso de Ourense cómpre computarmos unicamente as *ecclesiae* citadas a continuación do encabezado (*ad Auriensem sedem*), o que obsta contabilizarmos á parte a propia cidade episcopal. De feito, contra a solitaria percepción de CARBAJAL SOBRAL (1999: 238), semella que esta se corresponde coa primeira *ecclesia* citada, *Palla Aurea* (DÍAZ Y DÍAZ & ORO TRIGO 2002: 386; RIVAS FERNÁNDEZ 2003: 191ss.; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 445-446). Así, malia os 11 elementos contidos baixo a epígrafe, o total de entidades locais reportadas é 10, como con tino coinciden as glosas do *Parochiale*.
- 10º. Para Astorga cómpre contabilizarmos a propia cidade episcopal (*ad Asturicensem ipsa Astorica*) máis as *ecclesiae* que lle seguen. Engádese o matiz de que a mención conxunta «*Maurelos superiores et inferiores*» (*Par. Suev. X, 7*) constituía unha referencia a dúas entidades políticas locais diferentes, como con tino coinciden, outra volta, as glosas do *Parochiale*: “le total, XI, est inexact à moins que Maurelos ne compte pour deux; il est plus probable que l’on a compte *Petra speranti* comme deux noms distincts” (DAVID 1947: 41, nX.10). O total é, xa que logo, 11.
- 11º. Como xa se expuxo, para Iria repórtase o incerto intervalo de 1 a 17 entidades locais, sendo a lectura idónea, embora parcialmente diacrónica verbo ao resto do documento, a superior (figura 8).
- 12º. Tui reporta a propia cidade episcopal máis as entidades contidas baixo a fórmula «*item pagi*»: 7.
- 13º. Bretoña presenta, como xa se argumentou, 2 ou 3 entidades, sendo máis axeitada, embora indefectibelmente inexacta, a lectura inferior.

O cómputo total para o conxunto do Reino Galaico-Suevo, contando nas sés de solución insegura os seus máximos e mínimos, sitúase no incerto intervalo de 79 a 120 entidades políticas locais, cunha incerteza xa que logo de 41 (figura 9). A partires disto, é posíbel tamén concretarmos o resultado por ámbitos intermedios, xa sexan provincias eclesiásticas ou rexións etno-xeográficas (figura 10). Así, para a *Gallaecia stricto sensu* repórtanse entre 45 e 84 entidades políticas locais, cunha incerteza de 39.

En esencia, tal incerteza non se debe á insuficiencia da hipótese interpretativa do *Parochiale* aquí desenvolvida, senón á diferenza do espazo abranguido entre os cómputos máximo e mínimo, que precisan ou simplifican, respectivamente, a xeografía política do

extremo setentrional galaico. É por iso que a devandita incerteza amosa unha meirande incidencia no vello *conuentus* lucense (figura 10), determinada fundamentalmente polas interpolacións lucense e iriense, que xuntas suman ata 28 entidades de insegura inclusión. Tales interpolacións, claramente medievais, desglosan no primeiro caso un territorio potencialmente supra-local, a *Adiacentia* lucense; e no segundo cobren outro aparentemente eludido no texto xenuíno do *Parochiale*, o extremo noroccidental galaico. A estas dúas sés engádese Bretoña, que malia aportar un cómputo razoabelmente unívoco, este é, segundo xa se expuxo, dubidoso; complementando así o «foco de incerteza» do ámbito setentrional galaico (figura 1).

Dúas solucións básicas —ningunha delas concluínte— se debuxan perante as devanditas interpolacións: incluílas ou eludilas. A primeira solución convertería en parcialmente diacrónico o cómputo global, ao sumar ás igrexas inequivocamente tardo-antigas as medievais interpoladas. A segunda, en troques, omitiría dúas áreas, o extremo noroccidental galaico e a contorna lucense, non cubertas ou desglosadas, respectivamente, no texto xenuíno do *Parochiale*. Nunha palabra: incluírmos as interpolacións anicaría a exactitude cronolóxica dos cómputos; excluílas, a súa exhaustividade xeográfica.

Dentro do propósito específico do presente estudo, o emprego das interpolacións débúxase como a solución óptima: renunciarmos á obtención dun cómputo exacto —canda menos verbo á *Gallaecia* setentrional— a prol dun «cómputo-modelo» aproximativo co que confrontarmos a evolución histórica do poder local galaico na Antigüidade. De feito, intúese que a presumíbel hiper-representación de Iria e Lugo ficaría relativamente compensada pola evidente infra-representación de Bretoña.

DEMARCACIÓN	SÉS CONTIDAS	ENTIDADES LOCAIS REPORTADAS		
		cómputo mínimo	«cómputo -modelo»	cómputo máximo
bracarense (eclesiástico)	Braga, Coimbra, Dume, Idanha, Lamego, Porto, Viseu	44	55	56
lucense (eclesiástico)	Astorga, Bretoña, Iria, Lugo, Ourense, Tui	35	62	64
asturicense (etno-xeográfico)	Astorga	11 (cómputo unívoco)		
lusitano (etno-xeográfico)	Coimbra, Idanha, Lamego, Viseu	23	25	25
galaico (etno-xeográfico)	Braga, Bretoña, Dume, Iria, Lugo, Ourense, Porto, Tui	45	81	84
vello <i>conuentus</i> bracarense	Braga, Dume, Ourense, Porto, Tui	38	47	48
vello <i>conuentus</i> lucense	Bretoña, Iria, Lugo	7	34	36
GLOBAL	(todas as sés)	79	117	120

Figura 10. Análise dos cómputos parroquiais.

Os restantes suxeitos de incerteza resólvense, pola súa banda, conforme ás opcións máis verosímiles, segundo se expuxo en cada caso: empregando o número máximo dos intervalos agás en Lugo, que cómpre manter en 15; e no dos mosteiros dumiense e britoniense —*monasterium Maximi*—, que non deben de seren contabilizados como entidades políticas locais.

Deste xeito, o «cómputo-modelo» suma 81 entidades propiamente galaicas e 117 globais; e igualmente, concretando estas relacións, 47 entidades correspondentes ao vello *conuentus* bracarense e 34 ao lucense (figura 10).

ANÁLISE DE DATOS

Procedamos a satisfacer o terceiro paso da proposta metodolóxica, “interrelacionar cada un dos cómputos obtidos, identificando unha dinámica histórica”. As diferenzas entre o cómputo pliniano e o «cómputo-modelo» parroquial testemuñan un proceso nido nas súas liñas xerais, embora non nos seus pormenores: as 40 *ciuitates* do século I terían derivado nos 81 *pagi* ou *territoria* do VI. Isto significaría que na *Gallaecia*, ao longo da Antigüidade, o número de entidades políticas locais se tería duplicado, ofrecendo este proceso ademais numerosos matices rexionais (figura 11).

DEMARCACIÓN	SÉCULO I	SÉCULO VI	DIFERENZA
<i>conuentus</i> bracarense	24	47	+23 (x1,96)
<i>conuentus</i> lucense	16	34	+18 (x2,13)
<i>conuentus</i> asturicense	22	11	-11 (x0,5)
<i>Lusitania</i> setentrional	<45 (ca. 15?)	25	ca. +10 (x1,67)
ámbito galaico-asturicense	62	92	+30 (x1,48)
espazo suévico global	ca. 77?	117	ca. +40 (x1,52)
ámbito estritamente galaico	40	81	+41 (x2,03)

Figura 11. Confrontación dos «cómputos-modelo» obtidos.

Mesmo facendo uso do cómputo parroquial mínimo (figura 10), que alén doutros inconvenientes omite toda a porción setentrional da *Gallaecia* (figura 1), o número de entidades reportadas, 45, sería superior ao cómputo pliniano. Ademais, dada a

ineludíbel posibilidade de que o *Parochiale* omitise a mención de certas igrexas (RIVAS FERNÁNDEZ 2003: 126-127; SÁNCHEZ PARDO 2014a: 464), no século VI poderían existir de feito máis entidades cás reflectidas no documento. Isto significa que a incerteza incidente no *Parochiale* podería incrementar a diferenza do seu cómputo en relación co pliniano, mais en ningún caso reducila.

Por conseguinte, identifícase indefectibelmente un proceso de multiplicación de entidades políticas locais; proceso que, polas súas características, pode ser denominado especificamente «fragmentación xurisdiccional».

A excepción asturicense

Só no caso asturicense, fóra do ámbito galaico *stricto sensu*, se advirte unha tendencia contraria, ao pasar de 22 a 11 entidades políticas locais (figura 11). Tal anomalía non se debe a que este ámbito experimentase unha dinámica centrípeta oposta á centrífuga galaica, senón a outras razóns ben diferentes:

- 1^a. A contracción do espazo asturicense fronte ás sés veciñas. Así acontecería canda menos coa *ecclesia* bracarense de *Brigantia*, correspondente á actual Bragança, e á *ciuitas* asturicense dos *Zoelae* (FERNANDES 1997: 63; ALARCÃO 2001: 34-35; 2015: 40-41). Pero é verbo a Ourense onde esta contracción se amosaría máis evidente: ata sete *ecclesiae* citadas como aurienses —*Teporos, Geurros, Pincia, Cassauio, Uerecanos, Senabria, Calapacios Maiores* (*Par. Suev.*, IX, 5-11)— remiten a unha área vencellada a Astorga tanto na Romanidade coma no Medievo; e a nivel eclesiástico, mesmo na actualidade (RIVAS FERNÁNDEZ 2003: 127; 146ss.). Tal contracción da xurisdición eclesiástica asturicense redundaría, obviamente, na correspondente redución de entidades políticas a ela adscritas (figura 1).
- 2^a. O cativo control monárquico das áreas de fronteira do Reino Galaico-Suevo (LÓPEZ QUIROGA 2004: 45; DÍAZ MARTÍNEZ 2007: 354ss.; FERNÁNDEZ CALO 2015: 120-125), entre as que se atopaba a propia xurisdición eclesiástica asturicense. En concreto, a ubicación máis aceptada dos *Ruccones*, un dos poderes independentes que existían na fronteira en pleno período suevo-católico, é o propio ámbito asturicense (Ioh. Bicl., *Chron.*, *Iust.*, VI, 3; Isid., *Hist.*, 61; DIEGO SANTOS 1979: 24; GARCÍA MORENO 2008: 55; DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 125; FERNÁNDEZ CALO 2015: 121-122). Ademais, presumibelmente boa parte da porción extra-suévica deste espazo ficaría nunhas condicións análogas ás da veciña *Cantabria*: politicamente allea aos poderes bárbaros e herdeira directa do baixo-romano; e eclesiasticamente carente de organización episcopal (LORING & al. 2007: 365-366) e mesmo de presenza cristiá (VIGIL PASCUAL 1977: 129; LORING GARCÍA 1987: 3, 94-115). Así, explícase que algunhas entidades de orixe ástur-romana non estivesen integradas nin política nin eclesiasticamente no Reino Galaico-Suevo; e que, deste xeito, non fosen reflectidas no *Parochiale*.

O caso lusitano

Catro das sés episcopais do *Parochiale* vencéllanse ao vello ámbito provincial luso-romano: Coimbra, Lamego, Idanha e Viseu. O seu conxunto correspóndese *grosso modo* ao *conuentus Scallabitanus*, un dos tres nos que se subdividira a *Lusitania* romana. Unha noción substraída da síntese dos datos baleirados é a inferior densidade de entidades políticas locais deste espazo luso-suevo en relación ao intrinsecamente galaico-suevo: empregando os totais probábeis, só 25 entidades luso-suevas fronte ás 47 que presentaría daquela o vello ámbito romano-bracarense e as 34 do lucense, para unha superficie sensibelmente superior (figuras 1; 9).

Tense argumentado que a escasa densidade de igrexas reflectida polo *Parochiale* na *Lusitania* sueva, paradoxalmente ámbito de forte e antiga cristianización, podería deberse á extensión aquí de «igrexas propias» fundadas por latifundistas e alleas á dependencia episcopal (DÍAZ MARTÍNEZ 2011: 239). Esta hipótese, imprescindible para explicar *ad hoc* a aparente «anomalía lusitana», carece, non obstante, de toda evidencia positiva alén da canonoloxía coetánea (*Conc. Brac.* II, 6) que obviamente tamén incidiría na *Gallaecia* sueva. Pola contra, a análise político-administrativa desenvolvida no presente estudo permite enxergar a dimensión efectiva deste problema, inseríndoo non nunha explicación puntual, senón nuns nidos condicionamentos estruturais.

En efecto, coma no caso galaico, a descrición xeográfica de Plinio permite confrontar a situación administrativa do século VI coa do I. Desta volta non existe un desglosamento por *conuentus*, mais si un cómputo provincial. Sabemos, neste senso, que da *Lusitania* alto-romana dependían un total de 45 *populi* (Plin., *Nat.*, IV, 117): só uns poucos máis cós 40 galaico-romanos, e menos cós 62 galaico-asturicenses (figuras 3; 9), para unha superficie amplamente superior. Tendo presente que a *Lusitania* se subdividía en tres *conuentus*, a cifra de entidades políticas locais dependentes concretamente do *Scallabitanus* sería obviamente inferior ao devandito total. Se cadra se poida supor, dun xeito aproximativo, que este abranguese arredor dun terzo das comunidades locais da provincia. Tal consideración reportaría para o *conuentus Scallabitanus* arredor de 15 entidades locais, que se fragmentarían e pasarían posteriormente a constituíren cada menos as 25 dependentes das catro sés luso-suevas (figura 11).

Cómpre, pois, repararmos na correspondencia destas relacións co paradigma de fragmentación xurisdiccional. A *Lusitania* presentaba en época romana un artellamento local pouco fraccionado verbo á *Gallaecia*, segundo se desprende de Plinio; e no século VI, embora o *Parochiale* testemuñe tamén a incidencia da fragmentación xurisdiccional, as entidades políticas locais luso-suevas seguirían a abranguren unhas demarcacións amplas en relación co máis fraccionado ámbito intrinsecamente galaico-suevo. A diverxencia territorial enxergada evidencia, xa que logo, o condicionamento estrutural que subxace na evolución do poder local; e, con isto, achega un ineludíbel soporte argumental a prol da hipótese aquí presentada.

CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA

Pasemos ao derradeiro chanzo da proposta metodolóxica: a contextualización da dinámica histórica identificada, que efectivamente atopa nidas analoxías no Occidente post-romano. A *Gallia* conforma o principal ámbito de confrontación porque para ela, grazas fundamentalmente á *Notitia Galliarum*, foi posíbel vencellar dende hai tempo a xeografía civil romana coa eclesiástica tardo-antiga (VÁZQUEZ DE PARGA 1943: 14; FERNÁNDEZ CALO 2015: 172ss.).

Na *Gallia* houbera só 122 *ciuitates* galo-romanas (HEATHER 2007: 445; LAMOINE 2009) ás que se solapou con grande exactitude o poder episcopal: na Francia pre-revolucionaria ficaban arredor de 136 bispados (JEANGÈNE VILMER 2007: 139-140). Decote se asume que na Tardoantigüidade “each civitas or polis acquired a bishop based in the capital city of that civitas” (WARD-PERKINS 1998: 400). Existen casos mesmo de que dunha única *ciuitas* orixinal xurdiron varios bispados (LIEBESCHUETZ 2007: 230).

Con todo, tales nocións non son válidas para a *Gallaecia*: aquí, a 40 *ciuitates* galaico-romanas (figura 3) correspondéronlle unicamente 8 bispados galaico-suevos (*Conc. Brac. II; Par. Suev.*). O mesmo acontecía no resto da Península Ibérica: se Plinio (*Nat.*, III, 18) cifraba en 293 o número de entidades políticas locais só na provincia *Hispania Citerior* (figura 2) —513 en toda a Península Ibérica se se lle suman as 175 béticas (III, 7) e as 45 lusitanas (IV, 117)—, posteriormente só se recoñecen arredor de 70 sés episcopais hispano-visigodas (GARCÍA VILLADA 1935: 7; DÍAZ MARTÍNEZ 2007: 484).

Malia estas diferenzas, a fragmentación xurisdiccional incidiu en todos os ámbitos contemplados. Na *Gallia* deuse un proceso significativamente homoxéneo, ao se conformaren moitos dos *pagi* —entidades anteriormente de territorialidade sub-local— nos referentes do poder local e supliren, así, ás vellas *ciuitates* que, chegadas á dignidade episcopal, evoluíran como referentes da territorialidade rexional. Semella que parte deste proceso comezou xa na Baixa Romanidade, ao se promocionaren certos vellos *pagi* en novas *ciuitates*, presuntamente como parte da «racionalización» político-administrativa procurada durante o dominado de Diocleciano; do que tamén se ten especulado un proceso análogo na *Britannia* (WACHER 1974: 407).

Con todo, os *pays* ou *gaue*, entidades herdeiras dos *pagi*, só se confirmarían como as referencias unívocas do poder local no Alto Medievo. Durante a dinastía merovinxa, os *comites* galo-francos seguían a centraren o seu goberno local nas cidades (HEATHER 2007: 441; WOOD 2014: 61-64). Ademais, a fragmentación deste artellamento non foi lineal. Á altura da dinastía carolinxia, o poder local amosaba unha dicotomía xeral conforme á que os *pagi* do ámbito setentrional, máis xermanizado, eran de reducido tamaño; mentres que nos ámbitos itálico e galo-meridional, máis latinos —e se cadra tamén máis conservadores—, se correspondían aínda decote coas amplas xurisdicións civís romanas previas (PERROY 1967: 142). Isto ilustra que o proceso de fragmentación xurisdiccional atendeu a uns ritmos específicos segundo o contexto xeo-histórico; o que, asemade, incrementa o interese de concretarmos o caso galaico.

FACTORES INCIDENTES NO PROCESO

No caso específico de *Hispania*, tense atopado na diminución do poder coercitivo do Estado territorial sobre as *ciuitates*, paralela ao colapso do Imperio Romano, o factor operativo da fragmentación dos seus *territoria* constitutivos (ESCALONA MONGE 2006: 188; DÍAZ MARTÍNEZ 2007: 449-450, 482). Analogamente, a cativa dimensión xurisdiccional dos *commissa* alto-medievais galaicos resultantes reflectiría “la incapacidad del sistema político del momento para controlar circunscripciones territoriales más extensas” (LÓPEZ ALSINA 1988: 221).

A análise desenvolvida no presente estudo apunta, en troques, á propia dinámica interna, estrutural e non inducida, das propias entidades locais. Neste senso, hai ben tempo que se sinala que os *possessores* baixo-romanos se foran distanciando progresivamente dos *municipia* e do réxime curial, situándose como novos poderes fácticos (SÁNCHEZ ALBORNOZ 1943: 16). Mesmo verbo ao organigrama político-administrativo carolinxio, máis sólido e centralizado có Reino Galaico-Suevo e os seus homólogos cronolóxicos, se ten matizado o incerto papel da monarquía na demarcación das circunscricións locais (PERROY 1967: 142). O Estado central é un factor decisivo, sen dúbida, pero non exclusivo.

A fragmentación xurisdiccional é, pois, un proceso longo, estrutural e multi-causal. Dentro da dinámica interna, perspectiva privilexiada no presente estudo, non é posíbel identificarmos na *Gallaecia* un factor unívoco; como si acontece, canda menos en liñas xerais, na *Gallia* cos *pagi*. É certo que aínda á altura da *Gallaecia* alto-romana si existira un suxeito federal constituínte das *ciuitates*, equivalente, neste senso, aos *pagi* gálicos: o *castellum* ou castro (PEREIRA MENAUT 1983: 206-207; FERNÁNDEZ CALO 2015: 21-24; 51). Con todo, os castros galaicos terían diluído a súa dimensión institucional dende remates do século I como consecuencia da latinización xurídica (FERNÁNDEZ CALO 2015: 55-63). Ademais, con estimacións de *milleiros* de castros (CALO LOURIDO 1993: 83-84), é obvio que a fragmentación das *ciuitates* galaico-romanas non se traduciu na xeneralizada promoción constitucional dos mesmos; mais tampouco das *uillae* e demais entidades que os substituíran como parte do artellamento sub-local dende a dinastía Flavia (FERNÁNDEZ CALO 2015: 59-63), xa que ambas as posibilidades terían resultado nun número de entidades políticas moi superior. É por iso que, embora a fragmentación das *ciuitates* si foi xeneralizada na *Gallaecia* antiga, esta non atendeu a un desenvolvemento unívoco.

Semella tamén que o proceso especificamente galaico foi máis dilatado có referido gálico, asimilábel este a un contexto esencialmente tardo-antigo e alto-medieval. En efecto, o propio Estrabón (*Geog.*, III, 3, 5), referíndose ao máis primixenio contacto romano coa *Gallaecia*, afirma que houbera arredor de trinta (*triákonta*) ou cincuenta (*pentékonta*) —dependendo da versión recompilada— pobos (*éthnē*) «entre o Texo e os Ártabros» (*metaksý Tágou kai tōn Artábrōn*); os que, engade, terían sufrido unha fonda redefinición xurisdiccional concomitante á conquista de Décimo Xunio Bruto. Impórtanos, de calquera xeito, que na Alta Romanidade tales *éthnē* devirían en corenta

ciuitates só no espazo galaico, prescindindo do lusitano implícito na acotación (figura 3). Esta tímida referencia estraboniana supón un indicio ineludíbel a prol de que a fragmentación xurisdiccional rebordase o intervalo histórico contemplado no presente estudo; e, xa que logo, de ter constituído un proceso estrutural e continuado, non puntual ou característico dunha época concreta.

Con todo, hipoteticamente pódense fornecer catro «fases críticas» nas que este proceso incidiría con meirande forza ou se aceleraría:

- 1^a. a conquista romana (séculos II-I a.C.), tras a que se deberon de racionalizaren os lindeiros entre os pobos (Str., *Geog.*, III, 3, 5) e, nomeadamente, de se fraccionaren conscientemente de entre eles os suxeitos políticos máis poderosos (FERNÁNDEZ CALO 2015: 39-40);
- 2^a. a concesión flaviana do dereito latino (século I d.C.), que modificou o réxime de poboamento galaico e canda el, probabelmente, as relacións xurídicas entre os novos e os vellos núcleos habitacionais (FERNÁNDEZ CALO 2015: 53-63);
- 3^a. as migracións bárbaras (século V), cando diversas entidades sub-locais se desprenderon do control municipal co senllo emerxer dos poderes fácticos concomitante á desaparición do Estado territorial (FERNÁNDEZ CALO 2015: 103-108);
- 4^a. o proceso de señorialización dos reinos bárbaros (séculos VI-VIII), que seguiu a arredar as grandes propiedades nobiliarias das institucións civís públicas (DÍAZ MARTÍNEZ 2007: 449-450; FERNÁNDEZ CALO 2015: 103-108; 140-146).

CONCLUSIÓNS

Os principais resultados do presente estudo poden ser sintetizados como segue:

- 1^o. a descrición pliniana infire un cómputo unívoco de *ciuitates* galaicas no século I (figura 3);
- 2^o. a descrición ptolemaica (figura 6), en troques, non permite recoñecer ningunha implicación político-administrativa concluínte;
- 3^o. unha valoración sistemática das implicacións político-administrativas do *Parochiale Suevum* infire un cómputo de *pagi* ou *territoria* do século VI, embora cunha grande incerteza, especialmente incidente na porción setentrional da *Gallaecia* (figuras 1; 9-10);
- 4^o. a confrontación dos dous cómputos obtidos permite enxergar un proceso de «fragmentación xurisdiccional» incidente na *Gallaecia* entre os séculos I e VI (figura 11);
- 5^o. este proceso atopa nidias analoxías nos ámbitos xeográficos veciños e atende a uns condicionamentos esencialmente estruturais;

- 6º. a interpretación do *Parochiale*, puramente interna e terminolóxica, atopa como evidencia externa máis significativa da súa validez as cecas galaico-visigodas do período subseguinte, comúns entre as *ecclesiae* interpretadas como entidades políticas locais, e testemuñais e problemáticas nas desbotadas como tales (figura 7);
- 7º. como notábel indicio a prol tanto da natureza estrutural do proceso de «fragmentación xurisdiccional» coma da dimensión político-administrativa das fontes empregadas, atópase o artellamento diferencial coincidente verbo á densidade de entidades políticas entre a *Lusitania* e a *Gallaecia* en ambos os cómputos obtidos (figura 11).

En suma, a hipótese xeral do presente estudo pode cubrir un chisco do baleiro historiográfico advertido ao comezo do artigo, a través da apertura dunha nova perspectiva sobre dúas fontes históricas moi coñecidas e longamente traballadas. Agárdase, pois, que sirva para complementar dende a historia institucional e político-administrativa outros eidos historiográficos; dende a crítica documental outras perspectivas máis eminentemente arqueolóxicas; e, finalmente, para subscitar o debate académico específico que permita o seu perfeccionamento, corrección ou refutación.

BIBLIOGRAFÍA

- ALARCÃO, J. 1995-1996. “As Civitates do Norte de Portugal”. *Cadernos de Arqueologia* (Universidade do Minho), II, 12-13, pp. 25-30.
- ALARCÃO, J. 1998. “As cidades capitais do norte de Portugal na época romana”. En A. Rodríguez Colmenero. *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico*, vol. I. Lugo, pp. 429-437.
- ALARCÃO, J. 2001. “As Paróquias Suévicas do Território actualmente Português”. En F. VILLAR & M. P. FERNÁNDEZ ÁLVAREZ. *Religión, lengua y cultura prerromanas de Hispania*. Salamanca, pp. 29-59.
- ALARCÃO, J. 2015. “Os limites das dioceses suevas de *Bracara* e de *Portucale*”. *Portugalia*, 36, pp. 35-48.
- BARROSO CABRERA, R.; MORÍN DE PABLOS, J.; SÁNCHEZ RAMOS, I. M. 2015. “*Gallaecia Gothica*: de la conspiración del *Dux Argimundus* (589/590 d.C.) a la integración en el Reino visigodo de Toledo”. *Idanha-a-Velha*, 1, pp. 1-156.
- BELTRÁN LLORIS, F. 2007. “*Locorum Nuda Nomina?* La estructura de la descripción pliniana de Hispania”. En G. CRUZ ANDREOTTI; P. LE ROUX; P. MONET. *La invención de una geografía de la península ibérica*, vol. II. Madrid, pp. 115-160.
- CALO LOURIDO, F. 1993. *A Cultura castrexa*. Vigo.
- CALO LOURIDO, F. 2010. *Os celtas: unha (re)visión dende Galicia*. Vigo.
- CANTO, A. M. 1999. “Una nueva imagen de Ptolomeo: hipótesis de ubicación de ciudades vasconas”. En F. VILLAR & F. BELTRÁN. *Pueblos, lenguas y escrituras en la Hispania prerromana*. Salamanca, pp. 339-358.
- CAPALVO LIESA, A. 1986. “El léxico pliniano sobre Hispania: etnonimia y designación de asentamientos urbanos”. *Caesaraugusta*, 63, pp. 49-67.
- CARBAJAL SOBRAL, J. 1999. *Los concilios de Braga en los siglos VI y VII, reflejo de la vida en la Gallaecia de la época*. Porriño.

- COSTA, A. J. 1997. *O bispo D. Pedro e a organização da arquidiocese de Braga*, vol. I. Braga.
- DAVID, P. 1947. *Études Historiques sur la Galice et le Portugal du VI^e au XII^e siècle*. Lisboa-Paris.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P. C. 1997. "Gallaecia: de Reino Suevo a provincia visigoda". En G. Pereira Menaut. *Galicia fai dous mil anos: o feito diferencial Galego*, vol. I. Santiago de Compostela, pp. 253-278.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P. C. 1998. "El Parrochiale Suevum: organización eclesiástica, poder político y poblamiento en la Gallaecia Tardoantigua". En J. ALVAR. *Homenaje a José María Blázquez*, vol. VI. Sevilla, pp. 35-47.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P. C. 2004. "Acuñaación monetaria y organización administrativa en la *Gallaecia* tardoantigua". *Zephyrus*, 57, pp. 367-375.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P. C. 2007. "La Hispania Visigoda (257-611)". En P. C. DÍAZ MARTÍNEZ; C. MARTÍNEZ MAZA; F. J. SANZ HUESMA. *Hispania tardoantigua y visigoda*. Madrid, pp. 259-611.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P. C. 2011. *El reino suevo (411-585)*. Madrid.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C. 1976. "La cristianización en Galicia". En AA.VV. *La romanización de Galicia*. A Coruña, pp. 105-120.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C. & GARCÍA PIÑEIRO, M. A. 2002. "La diócesis de Mondoñedo hasta 1100". En J. García Oro. *Historia de las Diócesis Españolas*, vol. XV. Madrid, pp. 211-222.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C. & ORO TRIGO, P. 2002. "La diócesis de Mondoñedo hasta 1100". En J. García Oro. *Historia de las Diócesis Españolas*, vol. XV. Madrid, pp. 385-393.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C. & VILARIÑO PINTOS, D. 2002. "La diócesis de Tuy hasta 1100". En J. García Oro. *Historia de las Diócesis Españolas*, vol. XIV. Madrid, pp. 538-548.
- DIEGO SANTOS, F. 1979. "De la Asturias Sueva y Visigoda". *Asturicensia Medievalia*, 3, pp. 17-60.
- ESCALONA MONGE, J. 2006. "Patrones de fragmentación territorial: el fin del mundo romano en la Meseta del Duero". En U. Espinosa Ruíz & S. Castellanos García. *Comunidades locales y dinámicas de poder en el norte de la Península Ibérica durante la Antigüedad Tardía*. Logroño, pp. 165-199.
- ESPINOSA ESPINOSA, D. 2013. *Plinio y los oppida de antiguo Lacio: el proceso de difusión del Latium en Hispania Citerior*. Tese de doutoramento (Universidad Complutense de Madrid).
- FERNANDES, A. A. 1997. *Paróquias suevas e diócesis visigóticas*. Arouca.
- FERNÁNDEZ CALO, M. 2015. *A organización político-administrativa de Galicia na Antigüidade (séculos II a.C.-VIII d.C.)*. Tese de licenciatura (Universidade de Santiago de Compostela).
- FERRANDO Y ARNAU, F. M. 1893. *Un concilio celebrado en Lugo el año 569: estudio histórico*. Lugo.
- GARCÍA MARTÍNEZ, M. C. 1972. "Datos para la reducción geográfica de los capori". *Compostellanum*, XVII, 1-4, pp. 23-35.
- GARCÍA MORENO, L. A. 2008. *Leovigildo: unidad y diversidad de un reinado*. Madrid.
- GARCÍA VILLADA, Z. 1935. *Organización y fisonomía de la Iglesia española, desde la caída del Imperio visigodo, en 711, hasta la toma de Toledo, en 1085*. Madrid.
- GARCÍA Y GARCÍA, A. 2000. "El patrimonio artístico-arqueológico de la parroquia de Bretoña". En AA.VV. *El legado cultural de la Iglesia mindoniense*. A Coruña, pp. 79-102.
- GÓMEZ FRAILE, J. M. 1997. "La geografía de la Hispania Citerior en C. Tolomeo: análisis de sus elementos descriptivos y aproximación a su proceso de elaboración". *Polis*, 9, pp. 183-247.
- HEATHER, P. 2007. "State, Lordship and Community in the West (c. A.D. 400-600)". En A. CAMERON; B. WARD-PERKINS; M. WHITBY. *Cambridge Ancient History*, vol. XIV. Cambridge, pp. 437-468.
- ISLA FREZ, A. 1992. *La sociedad gallega en la Alta Edad Media*. Madrid.
- JEANGÈNE VILMER, J.-B. 2007. "Commentaire du Concordat de 1801 entre la France et le Saint-Siège". *Revue d'Histoire Ecclésiastique*, 102, 1, pp. 124-154.
- LAMOINE, L. 2009. *Le pouvoir local en Gaule Romaine*. Paris.
- LIEBESCHUETZ, J. H. W. G. 2007. "Administration and Politics in the Cities of the Fifth to the mid Seventh Century". En A. CAMERON; B. WARD-PERKINS; M. WHITBY. *Cambridge Ancient History*, vol. XIV. Cambridge, pp. 207-237.

- LÓPEZ ALSINA, F. 1988. *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ ALSINA, F. 1999. "Parroquias y diócesis: el obispado de Santiago de Compostela". En J. A. GARCÍA DE CORTÁZAR. *Del Cantábrico al Duero: trece estudios sobre la organización social del espacio en los s. VIII a XIII*. Santander, pp. 263-312.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. & SERPA PINTO, R. C. 1933-1934. "Estudos encol da Edade do Ferro no Noroeste da Península: as tribus e a súa costituzón política". *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 6, pp. 263-293.
- LÓPEZ QUIROGA, J. 2004. *El final de la Antigüedad en la Gallaecia: la transformación de las estructuras de poblamiento entre Miño y Duero (siglos V al X)*. A Coruña.
- LORING GARCÍA, M. I. 1987. *Cantabria en la Alta Edad Media: organización eclesiástica y relaciones sociales*. Madrid.
- LORING, M. I.; PÉREZ, D.; FUENTES, P. 2007. *La Hispania tardorromana y visigoda: siglos V-VIII*. Madrid.
- MERÊA, P. & GIRÃO, A. A. 1943. "Territórios portugueses do século XI". *Revista Portuguesa de História*, 2, pp. 255-263.
- MILES, G. C. 1952. *The Coinage of the Visigoths of Spain: Leovigild to Achila II*. New York.
- NOVO GÜISÁN, J. M. 1997-1998. "Lugo en los tiempos oscuros: las menciones literarias de la ciudad entre los siglos V y X (III)". *Boletín do museo provincial de Lugo*, 8, 2, pp. 177-194
- NÚÑEZ GARCÍA, O. (2013). "Cristianismo, sociedad y poder: origen y evolución de la jerarquía eclesiástica en la Gallaecia antigua". *Hispania Sacra*, LXV, extra II, pp. 7-31.
- PENA GRAÑA, A. 2006. "Las trebas, «tribus» celtas de Gallaecia y su constitución política: estudios de la Edad del Hierro en el Noroeste peninsular". *Gallaecia*, 25, pp. 371-399.
- PEREIRA MENAUT, G. 1983. "Las comunidades galaico-romanas: hábitat y sociedad en transformación". En G. PEREIRA MENAUT. *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago de Compostela, pp. 199-212.
- PÉREZ LOSADA, F. 2002. "Entre a cidade e a aldea: estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia". *Brigantium*, 13.
- PERROY, E. 1967. "Carolingian Administration". En S. L. THRUPP. *Early Medieval Society*. New York, pp. 129-146.
- PLIEGO HERRERA, F. & PLIEGO VÁZQUEZ, R. 2007. "Mertia, nueva ceca visigoda". *Gaceta numismática*, 164, pp. 19-21.
- PLIEGO VÁZQUEZ, R. & CORREA, J. A. 2006. "Aportación al estudio de varias cecas visigodas". *Numisma*, 250, pp. 489-505.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C. 2003. *Antigüedad del episcopado auriense*. Ourense.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 1996. "Pueblos prerromanos del convento jurídico lucense: organización sociopolítica y distribución territorial". En A. RODRÍGUEZ COLMENERO. *Lucus Augusti: el amanecer de una ciudad*, vol. I. A Coruña, pp. 129-242.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, B. 2012. "O proceso de abandono dos castros, continuidades e rupturas entre a Idade de Ferro e a Alta Idade Media: un estado da cuestión". *Gallaecia*, 31, pp. 139-151.
- SÁNCHEZ ALBORNOZ, C. 1943. *Ruina y extinción del municipio romano en España e instituciones que le reemplazan*. Buenos Aires.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. 2008. *Territorio y poblamiento en Galicia entre la Antigüedad y la Plena Edad Media*. Tese de doutoramento (Universidade de Santiago de Compostela).
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. 2014a. "Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua: una perspectiva geográfico-arqueológica del Parroquial Suevo". *Hispania Sacra*, LXVI, 134, pp. 439-480.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. 2014b. "Sobre las bases económicas de las aristocracias en la Gallaecia suevo-visigoda (ca. 530-650 d.C.): comercio, minería y articulación fiscal". *Anuario de Estudios Medievales*, XLIV, 2, pp. 983-1023.
- SARTRE, M. 1994. *El Oriente romano: provincias y sociedades provinciales del Mediterráneo oriental de Augusto a los Severos (31 a.C. - 256 d.C.)*. Madrid.

- SCHULTEN, A. & MALUQUER DE MOTES, J. 1987. *Fontes Hispaniae Antiquae*, vol. VII. Barcelona.
- TARPIN, M. 2009. "Organisation politique et administrative des cités d'Europe occidentale sous l'Empire". *Pallas*, 80, pp. 127-145.
- TORRES RODRÍGUEZ, C. 1977. *El reino de los suevos*. A Coruña.
- TRANOY, A. 1981. *La Galice Romaine: recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*. Paris.
- URBINA MARTÍNEZ, D. 1998. "La Carpetania romana y los carpetanos indígenas: tribu, etnia, nación o el país de los escarpes". *Gerión*, 16, pp. 185-208.
- VÁZQUEZ DE PARGA, L. 1943. *La división de Wamba*. Madrid.
- VIGIL PASCUAL, M. 1977. "Romanización y permanencia de estructuras sociales indígenas en la España Septentrional". En AA.VV. *Conflictos y estructuras sociales en la Hispania Antigua*. Madrid, pp. 129-137.
- WACHER, J. 1975. *The towns of Roman Britain*. Berkeley-Los Angeles.
- WARD-PERKINS, B. 1998. "The Cities". En A. CAMERON & P. GARNSEY. *The Cambridge Ancient History*, vol. XIII. Cambridge, pp. 337-425.
- WOOD, I. 2014. *The Merovingian Kingdoms*. London-New York, pp. 450-751.
- YOUNG, S. 2002. *Britonia: caminos novos*. Noia.